

RATAS
EN
MANHATTAN

Francisco Álvarez

*A Ramón Caride, Lula, Uxía e Sariña,
polo sempre novo mundo da amizade.*

“Un solpor atopei a beleza nos meus xeonllos. Atopeina amarga.
Insulteina.”

Arthur Rimbaud

“Unha mirada dende un sumidoiro pode ser unha visión do mundo. A
rebelión consiste en ollar unha rosa ata esnaquizar os ollos”.

Alejandra Pizarnik

“Sempre hai un tempo para marchar aínda que non haxa un sitio a
onde irmos”.

Tennessee Williams

“Alma non te apures.
Vivo lonxe e morro
namentras percorro
terras de ningures”.

Celso Emilio Ferreiro

INTRODUCCIÓN

Unha maneira saudosa de definir a nosa terra sería falando dos emigrantes e dos náufragos. Galicia foi unha gran produtora de emigrantes e cadáveres. Eles son os protagonistas de *Ratas en Manhattan*, heroes correntes cunha identidade invisible, ocultada a cotío por mor dos virus que borran a memoria. Emigración e naufraxio son experiencias que nos levan a un espazo fronteirizo, de loita pola supervivencia e de busca da felicidade. Nesta xeografía emocional, entre o apego e a perda, recoñécese o home no límite da condición humana. Esta paisaxe emocional é o territorio límite onde se sitúa *Ratas en Manhattan*.

Esta obra enfía curtos relatos de ficción nos cales a vida é vista coma un xogo de ruleta rusa no que a loita pola supervivencia, nun espazo desesperanzado no cal azoroñan as ratas, supón unha fuxida constante da morte.

RATAS EN MANHATTAN

O ruído das ambulancias na rúa, o acelerar dos coches e a música, sempre moi alta, nos apartamentos con sabor a salsa e merengue constitúen o son automático de cada noite no alto Manhattan, en Washington Heights. Non existe o silencio nestas rúas. Tan só os mortos gozan deste luxo. Por iso aquela noite, que non podía ser distinta ás demais, no medio do chiar das rodas na rúa e cos saloucos e xemidos das parellas fornicando no apartamento contiguo, Alcibiades e Ramona non escoitaron o berro do seu fillo. Un meniño de tan só tres anos que nese preciso intre era pasto das ratas. Aquel berro esgazador do neno quedou no aire, coma unha nota xorda daquel aquelarre moderno. Foi á mañá cando Ramona chegou ao cuarto e encontrou aquela estampa dantesca, tan só imaxinable nunha película de terror. Viu o seu fillo coa gorxa degolada e na cama un carreiro de sangue que delataba o sitio por onde fuxiran as ratas. As ratas que toda a noite comeran nel. O berro de Ramona, que se desmaiou sentindo que se lle ía a vida, foi o que fixo correr a Alcibiades cara ao cuarto e repetir a imaxe nos seus ollos. Alcibiades só atinou abrazar a Ramona contra el e sacala de alí.

Washington Heights é un dos barrios periféricos da cidade de Manhattan, *ghetto* de alma hispana pouco favorecida, e de maioría dominicana. Alcibiades achegouse ao sofá e deitou a súa compañeira Ramona, que non deixaba de berrar baixo o *shock* emocional.

Non é a primeira vez que isto acontece aquí, é o resultado da pobreza social dun país que presume de ser tan rico. Apartamentos superpoboados pola carestía dos alugamentos, desemprego pola escasa preparación das xentes e deserción escolar da xuventude que vende droga nas esquinas. Edificios que son cascallos esnaquizados

por dentro, sen portas e coas ventás tapiadas coma un cemiterio humano. Moreas de lixo onde todos os animais preeiros gozan da súa liberdade, as ratas as que máis. Manhattan é un sitio onde abundan as ratas. Aínda digo máis, Manhattan é un sitio ideal para as ratas, onde cada día miro como corren ledas e grosas. Algunhas ratas chegan a pesar máis de dez quilos. Os dentes destas ratas son capaces de abriren as neveiras, de comeren nas olas das cociñas levantando os testos e de paparen calquera neno indefenso ou calquera vello, ambos sen forza para se defenderen. Porque, a pesar do seu tamaño e peso, estas ratas son áxiles de máis para encheren o bandullo arreo.

Nova York está furada de punta a punta polos trens subterráneos. Nova York está furada de punta a punta polos condutos do gas. Nova York está furada de punta a punta polos desaugadoiros das rúas. Todos eses lugares conforman a cidade das ratas. Nesta paisaxe de baixo terra as ratas son as raíñas. O mesmo poden furar un tubo como lle poden arrincar un dedo a calquera cos seus dentes de fouciño. As ratas teñen moito poder. Mantéñense moi ben pois comen moita merda.

Posiblemente aquela imaxe do cativo degolado, xa coas vísceras fóra do corpo, en Nova York, a capital do mundo civilizado, podería ter levado a calquera fotógrafo a conseguir esa imaxe perfecta que todo profesional do lente persegue. Esa sería unha foto de premio seguro. Ás veces non fai falla viaxar á fronte da batalla. As imaxes que máis impactan a retina están ao alcance de calquera, nun recanto polo que pasaches toda a vida.

Posiblemente esa imaxe marcará a Ramona e Alcibiades para sempre. Eles trataron de buscar unha vida mellor dende a emigración; atrás quedou Panchés coma unha conta pendente. As ratas en Manhattan viaxan con máis comodidade ca moitos humanos. Velas cruzar pola vía do tren e mergullarse nas pozas de auga e lixo. Ás veces, soas no seu soliloquio, uliscando aquí e acolá sen que a presenza da xente

que espera o tren as inmute. Outras veces viaxan en mandas polas avenidas de Manhattan. Pola noite facéndolles vésperas ás bolsas do lixo e correndo dun lado para outro, coma se andasen de esmorga. Manhattan é a cidade de ratas. Hai ratas no Wall Street, hai ratas en Park Avenue e tamén hai ratas na Casa Branca.

CEMITERIO DOS HEROES

A máquina escavadora rinchaba os dentes e facía faíscas nos seixos, que acubillaban con amor os mortos do famoso cemiterio oficial de Arlington.

A pa buscaba naquel oco os restos mortais de quen fora o embaixador do goberno dos Estados Unidos en Suíza durante o mandato de Bill Clinton. O seu nome era Edward Lear Hamilton. En realidade, o seu verdadeiro nome era James Herrow, irlandés de Belfast. Familia de mineiros que, coma moitos irlandeses, emigraron a Nova York, e logo dun tempo de vivir nun barrio de Queens, a familia mudou para San Francisco. James non era un bo estudante, pero si un bo estratega. Como dirían na miña vila da Guarda: “listo coma un allo”.

Durante a súa adolescencia mantívose falsificando as notas, enganando os seus pais e os mestres. Todo este xeito de ser e de vivir foi tomando adición no corpo e na alma de James, modificando a súa personalidade. Ao rematar o ensino primario deixou a escola e empezou a traballar. Fixo moitas cousas e probou distintos oficios, pero á fin atopou o seu camiño. Nos Estados Unidos de Norteamérica é fácil comprar calquera documento que necesites, calquera roupa ou calquera arma. Aquí todo é doado. Así se fixo o noso amigo cos títulos universitarios que necesitaba e construíu un novo nome cun envexable currículo. Achegouse ao mundo inmobiliario, sabía que aí tiña o seu futuro.

Primeiro foi vendedor e, en pouco tempo, montou a súa propia inmobiliaria. Construíu co diñeiro dos outros, pero tomou o risco e saíu airoso dos negocios. Sempre foi unha rata, nunca se fiou de ninguén e progresou moitísimo. Buscou e entrou nos círculos sociais e, en pouco tempo, chegou a onde quería. Era xa un bo partido.

Coches, propiedades, boa presenza e o don de enganar a quen se propuxese. Comprou o mellor hotel de San Francisco onde se fixeron as reunións e os acontecementos sociais máis importantes da cidade. Por aquel entón relacionouse con alcaldes e gobernadores e casou cunha muller da alta sociedade. James creou ao seu arredor unha aureola de misterio. Inscribiuse no partido demócrata e colaborou na candidatura de Bill Clinton como aspirante á presidencia dos Estados Unidos.

O candidato saíu vencedor e, xa de presidente, pagoulle a súa confianza ofrecéndolle o posto de cónsul do seu país en Suíza. Ao pouco tempo, nunha viaxe a Xapón correu a voz entre os xaponeses de que James estivera nun barco no Pacífico durante a Segunda Guerra Mundial. E os xaponeses decidiron condecoralo cunha medalla aos méritos de guerra. Ao cabo duns anos James enfermou. Para entón xa casara tres veces e tiña fillos acó e acolá. Durante toda a súa vida James fora moi mullereiro, e ademais de casar en tres ocasións, tivera amoríos con moitas mulleres. A longa enfermidade de cancro acabou con el nun ano. Os xornais de todo o país dedicáronlle notas de admiración e necrolóxicas de pranto por ser un home bo e xeneroso, que dedicou toda a súa vida ao seu país, como un bo americano. Logo dos honores e ofrendas de corpo presente no Capitolio e as salvas de honor, foi enterrado en Washington, no famoso cemiterio de Arlington, onde descansan todos os heroes.

Ata aquí todo foi moi ben pero, pasado o tempo, os periodistas, que son o demo e sempre andan cheirando onde non deben, metéronse na vida deste home. Foi un periodista do *New York Times* quen investigou e descubriu que os títulos universitarios eran falsos; e ao tirar pola mentira, esta foi medrando e sóbose que nunca estivera no Pacífico, en ningún barco nin en ningunha guerra.

O goberno americano capeou a tormenta o mellor que puido pero os xaponeses pediron a medalla e houbo que devolvela.

O congreso decidiu por unanimidade desenterralo do cemiterio de Arlington e enterralo no cemiterio familiar.

Non somos nada.

A COREANA

Era un día de verán. Un día deses que a calor sobrehumana fai que e quente ata a alma. Os veráns de Nova York son tan abafados e húmidos que se volven insoportables. Unhas raiolas de sol purísimas rozan os rañaceos dende esas primeiras horas do amencer. Entón toda a luz apousa nas cousas. Arrinca arcos da vella que se prolongan ata o ceo. Mais, a medida que van avanzando as horas, esa mesma luz limpa tórnase abafante, desasosegadora. Toda a pureza primixenia vaise mesturando coa poeira da cidade desproporcionada, ata luxarse.

Amencera en Nova York. Castro levantárase ás seis da mañá coma case todos os días. Tamén, coma case todos os días, collera o coche para dirixirse ao traballo. Cando chegaba á esquina da rúa 73 e á Avenida 37 sempre paraba tomar un café na tenda do tío Roberto Padilla. O tío Roberto era un cubano americano duns 65 anos que loitara con Fidel na Serra Mestra, contra a ditadura de Fulgencio Batista e anos máis tarde, fuxira do réxime castrista que el mesmo axudara a instalar. Saíra de Cuba cun pneumático de camión, que fixera as veces de balsa cara a Miami. Na súa bodega, que así é como lle chaman aquí ás tendas, reuníase sempre a veciñanza, para falar de moitos temas, case sempre políticos. Entre cervexa e cervexa, á fin do día, as discusións subían emotivamente de ton, pero nunca chegaban a pelexar, pois todos eran bos amigos. Castro adoitaba parar sempre nese recanto e xa era coñecido. Colleu o café e foi camiño do traballo. O sol rompeu o día ás catro e media da mañá e ás doce chegaría ao punto culminante e insostible para os que, coma o Castro, traballaban construindo estradas. O corpo, daquela, sería unha esponxa de suor e volveríase escravo dun vaso de auga.

Así era un día regular da vida do meu amigo Castro. Era certo. Castro e mais eu criarámonos xuntos, xuntos fomos á escola de don Sabino e de dona Dominga (q.e.p.d.). Xuntos marchamos para o servizo militar, aínda que eu a Madrid e el a Zaragoza. Xuntos estiveramos en Francia e agora, case coa diferenza de ano e medio, encontrarámonos en Nova York.

Como dicía antes, ese día era un día coma calquera día da vida do meu amigo.

Castro erguérase co tempo xusto e saíra da casa con moito apuro. Cando fora acender o coche, decatárase de que este non lle dera sinais de vida. Daquela, ante a posibilidade de chegar tarde ao traballo, decidira coller un taxi. Logo de indicarlle o camiño máis curto ao taxista para que non andase a dar voltas ao chou polas rúas para poder cobrar máis –actitude moi típica nos taxistas de Nova York-, chegara ao lugar onde a compañía estaba traballando, sacara un billete de cen dólares e pagara a carreira. Entón, coma un día calquera da súa vida cotiá de traballador asalariado, comezara a súa xornada laboral.

Ás dez da mañá, hora de facer un alto no traballo e comer algo, falou cos compañeiros e comunicouselles que se achegaba á tenda da esquina para comprar uns bocadillos.

Era a mesma tenda á que xa tiña ido moitas veces. Os donos parecíanme chineses, ou tal vez coreanos; a verdade é que a min todos os orientais me parecen iguais, xa sei que se tes fixas ben, acontece como con todas as razas do mundo, e uns son ben diferentes dos outros, pero eu, de primeiras, nunca sei se estou ante unha cara nova ou repetida na miña retina. Ao facer esta reflexión pensei se tamén para eles nos seríamos iguais uns a outros e entroume un certo medo. Se aquela muller me vía cos ollos que vía a Castro... Non tal! Iso non acontecería, pero o certo é que comecei a fixarme polo miúdo en todos os orientais que cruzaba.

A coreana da tenda é unha muller corpulenta, algo suorenta e cunha cara máis ben fea, aínda que con boas curvas. Ao meu amigo sempre lle gustaron as mulleres así, mulleres que a min sempre me pareceron grosas, mantidas de máis, sen coidado ningún pola aparencia física nin cun pensamento propio e sen interese por nada, en definitiva, mulleres que eu xulgaba sen graza ningunha.

Sempre foi así. Xa de estudantes, na nosa vila da Guarda. Lembro a Pousa, dezaseis anos feitos, a ollar para mulleres que a min me parecían invisibles. Veume á memoria aquela súa historia sentimental da adolescencia. A muller era vinte anos máis vella ca el. Era unha muller moi gorda, sempre suorenta e cunha cara máis ben fea. Pousa confesárame que estaba tolo por ela. Era aquelas súas carnes moles, a suor que as humedecía e esa cara que nunca se inmortalizaría en ningún poema, o que acendía a paixón cega que magoaba o corpo. O caso foi que Castro tivera que marchar da Guarda por que o home da súa amante, lle xurara que o ía matar se o volvía ver roldando a súa señora. En fin, cousas que ten o amor e os seus delirios.

O caso foi que ese día o meu amigo Castro pediu o que necesitaba na tenda da Coreana e estendeu a man para pagar cun billete de vinte dólares. Era a volta que lle dera o taxista. A coreana colleu o billete no aire, con esa rapidez que caracteriza a todos os orientais ante os cartos, mirouno, gardouno nunha especie de faltriqueira e meteuse no interior da tenda. Entón o seu home, tamén coreano, atendía a xente que ía chegando. Pasaban cinco minutos, dez, vinte e o raio daquela muller non volvía coa volta dos vinte dólares. Castro estábase impacientando, ollaba para un lado e para outro, desesperado, con impaciencia. Non podía esperar máis. Tiña que volver ao traballo.

Entón foi cando comezaron a saír unha ducia de coreanos do interior do establecemento coa intención de agredir a Castro, que, asustado e sen entender nada, trataba de protexerse. Un pouco máis tarde chegou a policía. Armouse unha boa lea. A coreana, dende unha

esquina, sinaláboo co dedo. Ao seu home tiñan que suxeitalo pois as intencións de darlle ao Castro unha boa tunda eran todas. O meu amigo declarábase inocente. A coreana, coma se estivese en estado de transe, continuaba sinalándoo co dedo mentres non deixaba de mover o seu grandísimo corpo con xestos esperpénticos. O home da coreana continuaba a berrar contra el, con ese odio oriental de quen non perdoa nunca, por intentar mancillar a honra da súa señora; eran uns berros en coreano e inglés que ninguén podía entender.

Cando todo se calmou un pouco e as cousas se foron aclarando, pois a policía decidiu que ali tiña que haber un erro, malia que, en todo este tempo, a coreana non baixara a garda e non deixaba de berrar. O seu home permanecía co brazo levantado e co dedo acusador en dirección ao Castro. Mesmo parecía a estampa dun ditador franquista. Todo se aclarou por fin cando a policía puido examinar con deteñemento o billete entregado polo meu amigo. O billete, aparentemente igual a todos os billetes de vinte dólares, mostraba unha inscrición singular: "*¿Do you like fuck with me today at home when I come out like yesterday? Satisfaction guaranteed. I promiss you!!*".

Castro afirmou e cansou de repetir que el non escribira iso no billete, que lle fora entregado así polo taxista que o trouxera esa mañá ao traballo. A policía creu a súa palabra e non considerou a denuncia presentada polo coreano na que o acusaba de intentar seducir á súa muller. Pero a cousa non acabou aí pois, días despois, o meu amigo Pousa tivo que abandonar a cidade. Unha ducia de coreanos intentou en varias ocasións acabar coa súa vida.

Sobra dicir que agora cada vez que o Castro albisca en calquera lugar unha muller gorda, polo que poida pasar, dá media volta e négase a mirala á cara.

A MORTE DE ZEFIRELLI

Enriba da almofada hai una cadelinha morta (...) Ó seu redor chora unha fidalgona e dúas fidalguiñas novas. Todas elas fan o pranto i enxoitán as bágoas con paniños de encaixe. Todas van dicindo, unha a unha, as mesmas parvadas que dixerón os labregos diante da vaca morta, ditos tristes que fan rir, porque a morte dunha cadela non é para tanto."

Cousas. Castelao

As sete da tarde caían en badaladas suaves e metálicas no reloxo da capela de Santiago na parroquia de Elmhurst en Queens.

Escoitar estas badaladas medievais e de son de bronce podía levarnos ao aloumiño e á lembranza dalgún recanto de calquera parroquia de Galicia. Unha nova ollada ao reloxo fíxome lembrar a loita do ser humano co tempo, sobre todo nas cidades en que este foxe coma nun salaio. Poño en marcha o meu Mazda 626 e voume camiño de Manhattan. Cando baixaba tranquilo pola rúa oitenta e catro, á altura da Sétima Avenida, unha longa fila de carros fíxome esperar moito tempo. Eu non tiña prása, prendín a radio, F.M. 93.1, para escoitar música suave, a voz de Enrique Iglesias interpretando o seu *gigolo moderno* mentres o locutor trata de convencernos que a súa emisora é a mellor.

Logo de dez minutos consigo ir movéndome amodiño outra volta, e cando volvo a cabeza para ollar o que pasou, vexo a miña veciña Rodolfa, que vive na mesma rúa, enfronte da miña casa.

Rodolfa Sandolfini está toda de loito e camiña entre outras dúas mulleres tamén de loito; nas mans leva un pano branco co que enxuga as bágoas. Paro o coche e non sei que facer, detrás de min os outros coches pitan e lanzan insultos pola ventá do coche para que me aparte do medio. Reacciono, viro á miña dereita e aparco para saber que está acontecendo. Por que andan os ánimos tan excitados? Baixo do coche e ollo como todos aqueles coches da caravana na que estaba preso, entran nun aparcamento privado onde se ergue unha casa máis fermosa que todas as restantes da rúa, bonita polo xardín que ten enfronte e polo coidada que está. Non hai dúbida, deduzo que algún parente moi querido pola miña veciña Rodolfa morreu, e esta debe ser a casa mortuoria. Camiño cunha certa angustia porque sempre me produciu moito desasosego a morte. Así e todo, hai algo que aboia no ar que me resulta moi estraño. Cando chego á entrada da porta o meu asombro aumenta. En letras grandes podo ler:

PET FUNERAL HOME

A verdade é que sentín ganas de dar volta e seguir o meu camiño. O tempo apremaba, pero a curiosidade puido máis. Unha forza interior empurrábame dentro daquela casa. A imaxe compunxida da Rodolfa, que vira antes de entrar, creábame tamén un certo instinto de pena e amor ao próximo.

Abrín as dúas portas da entrada e, logo dun pequeno recibidor, vin unha porta de cristais escuros que daba a unha sala. Cando traspasei esa porta, a última, todos me miraron de súpeto coma se esperasen o inimigo, ou coma se acabase de romper o centro espiritual dalgunha intimidade colectiva, tratei de non facer ruído e camiñei a

modo case que igual que cando chegaba tarde das festas e me descalzaba para que meus pais non se decatasen. As olladas da xente seguían cravadas coma dardos e só cando a ollada de Rodolfa se cruzou coa miña e coa dos asistentes, deu a entender que eu era coñecido, case querido por ela; entón todo volveu ao seu ritmo normal e o fío das conversas continuou nun son mainiño de espiritualidade e respecto. Achegueime a Rodolfa e, sen dicir palabra, deille unha aperta que intentaba transmitir o meu sentimento de pésame. Non era para menos.

No centro da sala perfumada de incenso, dentro dunha caixa de madeira fina, adornada con afeites do mundo animal e cuberta cunha fina tea de cor azul, descansaba o gato Zefirelli, aquel felino que durante os derradeiros oito ou nove anos lle fixera compañía a dona Rodolfa Sandolfini, viúva de Giuseppe Sandolfini. Toda a xente que compuña aquel acompañamento tan singular levaba consigo e tiña sentado no colo o seu respectivo gato ou gata. Rodolfa, aínda que coa angustia no corpo, mirou para min cun agradecemento infinito pola miña visita e compañía. Non pasaron máis de quince minutos cando o cortexo entrou por un corredor estreito que conducía ao lugar de cremación do gato. Despois deste ritual, asombroso para min, os meus pasos, seguindo os dos demais, leváronme por unha porta lateral, coma as que encontramos nas igrexas das nosas vilas, a unha especie de xardín chinés, onde un espazo aberto daba a vista a unha longa extensión verde onde florecían moitas plantas e árbores exóticas. Todos os lugares estaban sinalados e todo tiña un control rigoroso. Deixei-me ir detrás de toda a comitiva co fin de volver sobre os meus pasos e saír á rúa de novo, para facer fronte ás obrigacións.

Saín sen que ninguén se decatase da miña deserción, volvín a ollada coma quen tenta asegurar se aquilo era real ou formaba parte dun soño. Prendín o coche e apaguei a música cun impulso interior descoñecido de respecto ao gato morto. Pola noite, cando volvía do traballo, lembreime da importancia dos animais na nosa terra; veume

ao acordo o muxir das vacas, os nomes cos que as bautizabamos, tamén as pedradas e os botes que lles atabamos no rabo e a importancia que tiñan na economía doméstica. Cando morría unha vaca era un día moi triste. Pensei que se podían escribir moitas historias de vacas.

Desde aquel día sinto polas vacas máis respecto e admiración e desexo que un día algún autor recolla nun volume historias do noso millón de vacas, vacas nai, vacas útero, vacas senlleiras, vacas libres, vacas e putas. Mentres tanto, vaian estas liñas como admiración á dignidade dun país que venera vacas e non gatos, e como modesta primeira achega ao seu tributo.

O XÍLGARO

Chamábanlle *o xílgaro* porque, xa de moi pequeno, adquirira a actitude case milagreira de imitar estes paxaros coma ninguén. Disque moitas veces que os imitaba, estes acudían preto del para contestar ao seu concerto.

Xosé Bergantiños chegou a Nova York na primavera de 1957. Formaba parte do buque *Moby Dick*, de bandeira inglesa. Xosé Bergantiños nacera en Sada. Fora sempre un rapaz traste e tiña un extenso historial de trasnadas. Unha delas foi cando a súa primeira mestra, a finada dona Marisa, o descubriu dobrándolle o pescozo ás galiñas cada vez que ía mexar ao común, que era un recuncho na esquina do cabanón. Colleu o rapaz polas orellas e levouno á casa de seus pais para que lle pagasen o total de seis galiñas, que era case toda a fauna doméstica da pobre mestra. Xosé Bergantiños fixo moitas e sería moi difícil contalas todas. Pero cómpre que nos deteñamos un momento na moi famosa, a que fixo rir a todo Sada e tamén a que decretou a súa expulsión. Foi aquela na cal os rapaces da vila se decataron que o Xílgaro entraba polas noites na casa da Collona, aproveitando as ocasións en que o home dela estaba no mar. Un día os rapaces tocáronlle na ventá para avisalo de que o marido burlado viña polo camiño. O Xílgaro, co susto que pillou, puxo os zamancos, os pantalóns e, coa mesma, aínda coa camisa sen abotoar, encerrouse nun cortello da casa. E cando chegou o home cantou coma un xílgaro. Cantou toda a noite. Cando amenceu aínda estaba cantando. Era a súa maneira de comunicarse coa amante. O máis gracioso do caso foi que o Collón foi o último en saber que aquel rechouchío de paxaro era do Xílgaro, pero, desde que o soubo, o rapaz tivo que poñer mar de por medio.

Traballou un tempo nos barcos de baixura da Coruña, enrolouse nos buques estranxeiros de carga e, por último, nun petroleiro, o *Moby Dick*, que facía escala en Nova York. Decía que prefería a mariña mercante, gustaba de coñecer mundo e ademais gañaba máis, tamén tiña menos risco o traballo. Pero cando xa o barco partira de Nova York, o Xílgaro sentiuse canso de súpeto daquela vida errante.

Dominado polo feitizo das luces de Manhattan que se perdían no horizonte, coma unha bolboreta prendida sen remedio polas lumieiras, en plena noite, coa tolería que lle entraba cando andaba emocionado, botouse a cantar. Tal cal parecía outra volta un xílgaro. Despois, deixou todo a bordo no seu camarote, mesmo o pasaporte que tiña o capitán, tirouse do barco, suxeitouse a unha batea que aboiaba á deriva e achegouse ao peirao do porto. Subiu e camiñou dun lado para outro, sen ter as ideas coordinadas, nin saber a onde ir. Logo de durmir a primeira noite na rúa e de andar sen rumbo fixo, preguntoulle a alguén que escoitou falar en galego onde podía atopar paisanos seus. Faláronlle da rúa 14, onde se asentaba naquel entón a maior parte da comunidade galega de Manhattan. Non tardou moito en chegar. Unha vez alí, achegouse á Nacional. A Nacional é unha das sociedades sen fin de lucro máis antigas de Nova York, un de cuxos cometidos é prestarlles axuda, dentro das súas posibilidades, aos inmigrantes do noso país, desde acubillalos deica enterrar os mortos que ninguén reclama.

O certo é que chegar a carón dos seus paisanos deulle ánimos e ata parece que se lle mudou a cara para mellor color. Logo das presentacións de rigor, déronlle de cear un caldo galego que lle soubo a gloria, déronlle tamén un cuarto ata que puidese encontrar traballo e solucionar o seu medio de vida. Como era un home de iniciativa, non tardou en deixar de depender da Nacional, á que lle quedou sempre moi agradecido.

Conseguiu traballo na compañía Prima, da cal eran propietarios uns galegos da Coruña. A compañía Prima facía traballos para a cidade de

Nova York, dende arranxar as rúas ata o mantemento dos parques. A Xosé Bergantiños tocoulle traballar no Central Park. O Central Park é o pulmón de Nova York, separa o leste do oeste. En Central Park non hai xílgaros; hai pardais, así que o meu amigo pasou meses e meses intentando imitar o canto dos pardais.

As fins de semana, logo de se amañar con moito esmero, Xosé ía aos bailes da Casa Galicia ou do Círculo Español, que competían en calidade e cantidade, dentro de ananismo social dos emigrantes. Na Casa Galicia coñeceu unha moza e, logo de namoralala un tempo, colleu unhas vacacións e foi con ela ao seu país de orixe, Guatemala.

A rapaza chamábase Eulalia, igual que a súa avoa, a quen lle puxeran este nome por nacer o día de Santa Eulalia. Chegou a Guatemala e entre a familia da rapaza e as demais casamenteiras da parroquia de San Luis, casáronos. Eulalia non era mala muller, era xeitosa, de carnes moi brancas, coma se nunca lle dera o sol. Tiña unha boa dianteira e unha traseira que parecía un mundo aparte. Cando, apretadiños nos bailes, bailaban unha salsa ou un merengue, aquela muller parecía un tremor de terra. Entón o meu amigo sentía a necesidade de rechouchiar coma un pardal.

Eulalia, antes de tomar o avión de American Airlines que os levaría a Guatemala, presentía o que se xogaba nesa viaxe e quixo prepararse. Foi á Quinta Avenida e visitou todas as tendas de Victoria Secret e comprou a lencería máis sensual.

En Guatemala e nun intre de intimidade, Xosé Bergantiños confesoulle que cando se poñía ao choio necesitaba asubiar como asubían os xílgaros. O que non lle confesou foi que el non tiña moita experiencia coas mulleres. As mulleres que coñecera eran mulleres da vida que visitaba ao chegar aos portos nos que os barcos atracaban. Tampouco lle dixo que a única muller coa que namorara fora a Roquiña, pero que á moza se lle ía a excitación toda cando o oía asubiar. Eulalia comprendía que baixo das actitudes extrafalarias dorme o medo e soubo que tiña gañada a batalla. Xa llo dixera o

Indio Amazónico cando o visitara antes de viaxar a Guatemala; este menciñeiro tiña unha botica e consultaba no condado de Queens. Alí comprara ela algunhas infusións para o amor e tamén incenso ademais doutras lambetadas.

-Ti volves tolo a calquera home!

Casaron en San Luis, lugar onde nacera a Eulalia e foron pasar a lúa de mel no hotel *A Esquina Alegre*. O xerente do hotel e mais os empregados riron unha boa chea das deliciosas sonatas que acompañaron os amantes na noite de vodas e que semellaban cantos de paxaro en época de cortexo nupcial. Eulalia e o meu amigo decidiron instalarse na Vila de San Luis. A Xosé Bergantiños aquelas rúas de terra e po seco lembrábanlle un pouco as rúas de Sada cando era neno. Ás veces púñase nostálxico e tiña que asubiar longas melodías.

Logo dun tempo e pensando que podía facer nesta nova terra, decidiu montar unha barra americana, á que lle puxo o nome de *El Buen Gusto*. O negocio da barra americana non era malo e daba boas pesetas, sobre todo porque correu a noticia de que o dono acompañaba os actos amorosos cun repertorio musical de persoalísimo selo. Pero a Xosé de Bergantiños tiráballe a inmensidade da cidade. Amábaa coma a unha segunda patria. Necesitábaa. Dende os letreiros luminosos que a enchen de mensaxes cifradas ata as rúas que amosan aquela deliciosa mestura e diversidade de razas.

Sen dúbida, Nova York é única, atrae coma unha moza cando che dá de beber nos seus beizos, coma un asubío de xílgaro que saúda o mencer.

Así, Xosé de Bergantiños, deixou a barra noutras mans e volveu coa Eulalia a Nova York. O cambio se cadra non foi para mellor pois, na vila de San Luis en Guatemala, Xosé Bergantiños estaba considerado todo un señor, respectado por uns e envexado por outros.

En Nova York era un de tantos paxaros sen voz. O meu amigo volveu erguerse antes de saír o sol, enfrontarse ao tráfico infernal, comer comida lixo e traballar coma unha besta.

Así foron pasando uns anos. Ata que un día, nunha das viaxes que fixo só a Guatemala rematou por xuntarse cunha moza que se chamaba Isolina, Ina na intimidade e que era a muller dun xefe da guerrilla. O Xosé nunca vira muller tan bonita, nin nas páxinas de *Play Boy*.

No último encontro estaba Xosé de Bergantiños coa femia Isolina nunha suite do hotel Península da Quinta Avenida. O guerrilleiro, coma todos os homes cornudos, tiña un sexto sentido e empezou a facer súas as sospeitas dos demais. Entrou no cuarto e sacou a súa navalla de sete estralos que sempre o acompañaba a todas partes. Entón, sacándolle estelas ao mango dun pico, fixo orquestrar as súas ventosidades co susto. Despois explicoulle quen era Luis Jiménez en Guatemala.

O meu amigo non só tremeu de medo senón que se botou a asubiar. Ao día seguinte déronlle a liquidación, don Xosé Bergantiños, galego ilustre, colleu o voo 592 con destino a Galicia.

Dende entón Xosé Bergantiños vive fincado nunha árbore. E todos en Sada lle chaman O Xílgaro porque, xa de moi pequeno, adquirira a actitude case milagreira de imitar estes paxaros coma ninguén.

Disque cando os imita, os paxaros acoden preto del para contestar ao seu concerto.

Disque tamén que cando o guerrilleiro Luis Jiménez lle manda, o meu compadre ponse a asubiar coma un xílgaro.

O SOÑO DO CAMALEÓN

Eleuterio Outeiro Chans e Dositeo Outeiro Chans son dous irmáns galegos. Chegaron a Nova York polos anos setenta. Tal vez foran parte daquela emigración fuxida dos problemas económicos que aínda atravesaba o noso país. Tal vez fuxiran do mar e das súas trampas. Non sei polo que marcharon pero si sei que chegaron a Nova York co soño da abundancia; o primeiro que fixeron foi renegar da súa terra de orixe, dos seus paisanos, da súa lingua e do seu sistema social. Estes conversos ao capitalismo son os peores. O soño de todo emigrante ilegal é legalizar a súa situación nos Estados Unidos, é dicir, facerse residente e logo cidadán, e así conseguir facer realidade o soño americano.

Eleuterio Outeiro Chans apurou a súa vida buscando fortuna e coñeceu, ou mellor dito, fíxose coñecer por unha rapaza tamén galega, filla dun emigrante, que chegara hai moitos anos e traballara duro, pero que hoxe posuía unha boa fortuna. Román Louro, pai da rapaza chamada Carme Louro, emigrara aos Estados Unidos no ano 40, o país estíbese recuperando do fatídico desastre económico do ano 1929. Román, como unha ave depredadora, soubo aproveitar as ocasións. Actuou de gancho para outros e pouco a pouco foi medrando no medio da corrupción do país e chegou alto. Román converteuse nun próspero e acreditado dono de moitas propiedades. Investiu en inmobiliarias e agora era un home respectable e de influencia social e política. Atou ben os cabos e ninguén soubo de onde saíu e como chegou. Agora batía coa mesma pedra.

Para Eleuterio casar con Carme era un bo braguetazo; supuña legalidade, seguridade e estabilidade.

Dositeo non o tiña tan fácil, conseguira traballo nun restaurante italiano, pero o que gañaba non lle chegaba a el para o vicio de xogar diñeiro ás cartas. Aínda que ás veces gañaba, outras moitas perdía e as débedas acumulábenselle. Dositeo, como compañeiro de traballo e como persoa, non valía nada. Dende que chegara ao restaurante era o lambecús do xefe. Falaba de todo o mundo pola calada e volveuse a man dereita do Tano. Case que todos os xefes aproveitan esta especie do acusón, especie que nunca chega a estar en extinción de todo. Dositeo levou o seu irmán Eleuterio, antes de que casara, para traballar tamén no restaurante. Entre os dous cambiaron a vida e o aire do restaurante. Foron moitos os que tiveron que deixar o restaurante por culpa súa.

Eu fun testemuña dunha das súas valentías. Era un quince de decembro e o tempo andaba frío. En Nova York existen persoas pouco favorecidas, que buscan cada día o seu sustento no lixo e dormen na rúa tapados con cartóns. O frío de Nova York entra no corpo como entra o capitalismo na mente humana. E foi nese día de frío en que a un deses homes que pasaba fronte ao restaurante se lle ocorreu entrar. Nunca tal fixera. Tano, o dono do restaurante, ao miralo, non pensou noutra cousa que non fose espantar aquel home farrapento que acabaría apestando o seu local. E non pensou en darlle un prato de comida para matarlle a fame, que lle importaba iso a el. En Nova York, cada noite cando remata o horario das cociñas e ao pechar os restaurantes sobran caldeiros de comida que se botan ao lixo; se houberse unha compañía que cada noite pasara por todos os restaurantes de Nova York mataríase moita fame da que hai nas rúas. O Tano berrou, pediu axuda, pediu que alguén botase á rúa aquel home. Ninguén se movía, pero nun intre diante do Tano apareceron Eleuterio e Dositeo. Entre os dous levantaron en peso aquel pobre desgraciado, que foi empurrado fóra do local, converténdose para eles nun acontecemento que os sacara do aburrimiento cotián.

O pobre desamparado caeu unha vez dentro e outra fóra do restaurante mentres a xente ría. Eleuterio e Dositeo entraron tamén sorrindo. Dende a rúa aquel home desamparado mirábaos a todos, ollábano a través da ventá con desprezo e pena e eu lembreime que pola súa idade podía moi ben ser pai de calquera de nós. O Tano mirounos a todos con cara de odio por non facer nada e sorriulles a eles agradecido.

A eles inchóuselles o peito de ignorante ledicia. A min inchouseme de noxo.

O CASO A PENEIRA

A Rafael Piñeiro
e Jorge Pagán

Coma todos os días o detective Piñeiro levántase, lava a cara e mírase ao espello dous minutos para saber que existe. Logo, antes de marchar, volve ao leito e dálle un bico á súa muller, que co soño da mañá aínda segue durmida. Xa na porta revisa a súa arma, unha Smith- Wesson, mira de novo que todo quede en orde e sae. Na rúa, logo de saudar algúns veciños que o coñecen, entra no primeiro bar que encontra para tomar eses grolos de café que tan ben sentan pola mañá. Co café aínda nas mans, sobe ao tren na rúa 14, para chegar en quince ou vinte minutos ao seu destino, iso sempre que non haxa interrupcións, que era o que pasaba máis a miúdo. Cando chega ao seu destino, Midtown North Detective Squad, revisa a súa máquina de mensaxes mentres gasta unhas bromas cos seus compañeiros, e cando se dispón a sentar na súa cómoda cadeira, recibe a chamada do seu compañeiro de traballo David Suger. Naquel intre o Midtown North recibía unha chamada urxente dun posible asasinato nun hotel. Baixou correndo e deu un brinco para non tropezar coa aspiradora da muller da limpeza e entrou no Ford Taurus que usa para desprazamentos a policía nesta cidade. David Suger puxo ao tanto da chamada que acababa de recibir, onde a primeira información recibida era un asasinato no hotel The Days Inn, situado no 440 West da 57 Avenida. O coche patinou das dúas rodas traseiras e imitou os

mellores filmes de policías americanos, saíndo a toda pastilla e coas luces de emerxencia prendidas. O son da sirena parecía apartar todos os coches que circulaban diante. A calquera hora do día a cidade de Nova York é un caos de circulación, un atasco continuo.

Cando chegaron estábanos esperando os responsables de seguridade do hotel, o que lles confirmou que no cuarto 407 do cuarto piso había un morto. O cadáver atopárao a muller da limpeza que, como cada mañá, facía o seu servizo. Subiron ao cuarto piso e entraron na estancia. Alí, o detective Piñeiro observou todo con detida atención, atento a calquera posible pista. Preguntou se alguén tocara algo e os empregados contestaron a coro que non. O corpo estaba preto da porta, coma se quixese pedir auxilio. Na mesa había comida chinesa. A cama estaba feita e non había nada revolto. O corpo presentaba tres orificios de bala *9 mm parabellum*. Unha das balas fixéralle un orificio mortal na cara e as outras dúas entráronlle polo peito. Debaixo da alfombra encontrou dous cascos, que recolleu con coidado nunha bolsa de plástico; tamén na porta podían apreciarse os impactos de bala. Despois de rexistrar todo o cuarto, ordenaron o levantamento do cadáver. Chamou a xente que ocupaba os cuartos contiguos para saber se podían facilitar algunha pista. Cando o detective Piñeiro ía saír da escena do crime, xa na porta tropezou cun xornal, non lle faría caso de non ser porque aquel xornal era doutro país. Na cabeceira do periódico podía lerse en letras grandes: *PENEIRA*.

As páxinas do xornal, nun idioma estranxeiro que el apenas entendía, levárono a recuar á súa infancia e ás orixes do seu apelido galego. Sorriu e aloumiñou as páxinas como se acabase de recuperar un tesouro. Foi entón cando lembrou a súa nenez en Porto Rico e tamén as verbas de seu pai, un galeguista medio tolo que tivo que fuxir durante a guerra civil española; recordou as discusións nas tertulias da casa, onde seu pai defendía a independencia de Galicia e onde era retrucado por outros seareiros que lle dicían que estaba tolo. Seu pai

morrera con esa enfermidade que se chama saudade e que come os emigrantes, unha enfermidade que vai murchándolles os días e os anos.

Unha voz sacouno do seu ensimesmamento e fíxoo volver á realidade. O seu compañeiro de traballo localizara o empregado do aparcamento dese día para interrogalo. Mais non foi moita a información que sacou del. Regresou á oficina e empezou a traballar coas pistas que tiña. Colleu o teléfono e pediu que lle levaran unha pizza para xantar. Sacou o xornal *A Peneira* e volveuno ler. Na súa portada viña o seguinte titular:

“¿UNHA UNIVERSIDADE PARA O CONDADO?”

Seguiuna esfolando e transitando polas pequenas aldeas de Galicia que non coñecía, pero que lle dicían algo, e había palabras que lle eran familiares por llas ter escoitado a seu pai moitos anos atrás. Deixou o xornal na mesa no intre en que lle traían a pizza e antes de empezar a xantar escribiu no parte de traballo: “Caso *A Peneira*”. Dende aquel momento aquel caso sería o caso Peneira. O morto, de orixe hispana, concretamente de Cuba, chamábase David Rosado, e dende había algúns anos, era coñecido coma un camelo, pero realmente el non era quen ocupaba aquel cuarto, senón que posiblemente ía alí só para vender mercadoría. Se cadra algún cliente e mais el non se puxeron de acordo, discutiron e todo acabou en traxedia. A persoa que ocupaba o cuarto estaba rexistrada co nome de Steven Cooper, mais, cando buscaron información con ese nome, comprobaron que tanto o nome coma a información eran falsos.

A Peneira non era moi vella, mercáranla uns días antes. Foi entón cando ao detective Piñeiro se lle ocorreu buscar no aeroporto. Non tardou moito en encontrar nas liñas aéreas Iberia o posible dono da *Peneira*, James Macelroy Ferreiro. Ferreiro, igual que Piñeiro, tiña que ser un irlandés descendente de galegos. Co nome completo non foi moi difícil dar co personaxe daquela historia. Así foi. James Macelroy foi localizado nos Ánxeles e detido. Acusárono de asasinato

en primeiro grao e mais de posesión ilegal de armas. O detective Piñeiro, sabedor de que os unían as raíces dos seus devanceiros galegos, visitouno na cadea e faláron de Galicia, das súas lembranzas. Ferreiro conseguiu demostrar que a morte sucedera en defensa propia, co cal a condena só foi por posesión ilegal de armas. Pola súa parte o detective Piñeiro segue conservando na súa oficina o exemplar de *A Peneira*.

A MULLER DE NEGRO

“Stat rosa pristina nomine, nomina nuda tenemus”.

[A rosa primixenia existe en canto nome, posuímos tan só o nome]

Umberto Eco, *O nome da rosa*

Para Antonio da Marouca o día presentábase gris, a pesar de que non era ningún vello –aínda non pasaba dos corenta-, no entanto semelláballe que a súa vida se estaba poñendo costa arriba. Perdera o traballo nunha compañía de construción e, por se fose pouco, a súa muller foráselle cun veciño dominicano, que o seu era bailar merengue e deitarse ás tantas da noite, ou mellor dito da madrugada.

A muller, que se chamaba Amalia, estaba farta da vida monótona e aburrida á beira dun traballador da cosntrucción que chegaba canso á casa. Unha tardiña que chegou ao seu fogar algo bébedo por mor dunhas cantas cervexas de máis, Antonio da Marouca atopou na mesa unha nota breve, sinxela, case doce. Era unha nota na que non había reproches nin acusacións nin carraxe. Tan só a nova concisa e definitiva de que marchara e o nome do home co que marchara.

No primeiro momento saíu ao exterior ese Otelos que todos levamos dentro, pero logo pensou que aquela noticia, o cambio de vida que iso supoñía, dalgunha maneira era unha liberación para el. Mudou de casa, mudou de rúa, mudou de amigos e buscou un cuarto pequeno onde sobrevivir. Cando estivo todo amañado intentou buscar tamén un novo traballo. Polas mañás achegábase ata a rúa 65 da Avenida Roosevelt, onde a xente que non tiña traballo se xuntaba, e aló todos

esperaban a que algún contratista ou autónomo os contratase para facer traballíños normalmente dun só día, ás veces de máis.

Este día Antonio da Marouca levantárase espilido, positivo, animado, mesmo sen ganas de se botar á rúa na busca de traballo, coma se interiormente recibise unha chamada que lle anunciase unha viraxe na súa vida. Bañouse, puxo a roupa dos días especiais e saíu. Xa na rúa, baixou as escaleiras e colleu o *subway*. Subiu ao tren número 6 e foise ata a estación Unión Square, na rúa 14. Saíu á plataforma e camiñou dun lado para outro, sen saber a onde se tiña que dirixir para encontrarse co seu destino, sen saber se debía xa saír á superficie ou pola contra cambiar de tren. Entón decidiu fincarse nunha columna da estación e esperar.

Non esperou moito tempo, porque o que tiña que acontecer aconteceu. Antonio da Marouca non sabía que estaba a facer alí e os seus ollos miraban para a xente que ía e viña desnortados, perdidos na multitude apresurada. De súpeto, descubriu a poucos pasos del, na plataforma número trece, unha muller morena, vestida de negro dende a blusa cinguida ata os altos zapatos de taco. Levaba tamén enriba unha gabardina tamén negra. Decidiu chamarlle a muller de negro. Os ollos de ambos encontráronse, os del eran verdes coma fondos de lago, os dela da cor das améndoas. Olláronse fixamente e desviaron as miradas ás présas coma se o que acababan de ver no fondo das meniñas lles causase un estarrecemento tal que necesitaban esquecer. Hai cousas que suceden así, sinxelamente, sen dar por iso. Son cousas do destino, cousas da vida, se cadra, son cousas do demo.

Antonio non sabería dicir con exactitude que estaba a pasar no fondo daqueles ollos de améndoas que o fitaban ata o fondo de si mesmo alí onde lembraba a sensación da fondura da alma. Tampouco sabería dicir cantos trens pasaron xa que non os contou nin podía contalos aínda que quixese. Antonio da Marouca sufría naquel intre un intervalo de lagoas no seu cerebro e apenas puido construír dentro da

súa mente unha noción do tempo. Loitou por saír daquela éxtase e no primeiro tren que pasou meteuse dentro. Fuxía. Necesitaba afastarse daquela ollada que ao desnudalo lle facía sentir a vertixe da vida. O seu espello. Foi naquel mesmo intre en que o tren estaba a piques de pechar as portas que a muller de negro, alta, incitante, sensual, decidiu por a man na porta e subir ao mesmo tren. Antonio da Marouca ollábaa de lonxe, coma quen busca unha distancia necesaria, porque sabe que olla o pecado e necesita fuxir del, pero sabe tamén que non hai fuxida posible. Non arrincara aínda o tren e Antonio da Marouca xa non podía evitar ollar de novo para ela. Ollala toda enteira ata o fondo de si mesma.

Estivo atento aos seus movementos aínda que lonxe. Ela baixou na seguinte estación e Antonio da Marouca decidiu seguila. Necesitaba saber quen era aquela muller, tan fermosamente exótica e misteriosa. Saíron na rúa 42, Oitava Avenida. Seguiu a muller de negro de lonxe, xa que con aquela roupa era doado identificala. Camiñaron por rúas tortuosas e emporcadas, con cheiro a ouriños nalgúns recantos. Rúas iluminadas con luces de neon, que anunciaban sofisticados corpos de homes e mulleres por poucos cartos. A muller de negro torceu cando chegou á rúa 46 e meteuse nun portal da parte traseira dun edificio iluminado por unha daquelas luces de neon. Antonio pensou que sería unha loucura entrar naquel lugar e xogar a vida por algo que non era máis que unha corazónada, unha parvada á fin e ao cabo. Parouse a pensar e deduciu que aquela muller de negro era unha bailarina calquera do mundo do porno. Unha muller máis enguedellada nas redes da prostitución barata. Tivo medo de si mesmo e dos seus desexos. Sabía que aquela procura non tiña volta atrás.

Entrou naquel mundo descoñecido para el. Despois de pagar 20 dólares puido subir ao segundo piso, onde entre música e risas, estaban as mulleres de vida fácil, como di moita xente, aínda que case ninguén se para a pensar no pouco fácil que é esa vida. De

súpeto, fermosa coma unha deusa, alí estaba a muller de negro. A súa roupa interior, o único que vestía agora, era tamén negra. Ela ollouno e achegouse xunto a el.

-Sabía que virías.

-Estás moi segura de ti mesma -contestou Antonio.

-Non creas. Se estivese moi segura de min mesma, non estaría aquí.

-Pero a ti gústache isto, non?

-Non, non me gusta, a ningunha muller lle gusta isto, fágoo por diñeiro.

-E a túa familia?

-A miña familia está en Guatemala, grazas ao que eu lles mando poden comer todos, meus pais, meus irmáns e os meus dous fillos.

-E o teu home?

-O meu home matárono os militares. Era un bo home, nin sequera pertencía a ningún partido político ou sindicato obreiro. Pero en Guatemala é un delito pensar por un mesmo.

Contoulle que en Latinoamérica hai unha está moi xustificado que existan as guerrillas, a xente só ten dúas saídas: morrer de fame e humillacións, ou estar na guerrilla.

-En canto puiden emigrei e encontrei isto. Cando lle escribo á miña familia dígolles que estou ben, que traballo facendo limpeza e no tempo que me sobra que estudo inglés. Só eu sei o que pesa un home enriba de min por vinte dólares cada dez minutos. A vida é así, ou a tomas ou a deixas -dixo.

-Tes razón -respondeu Antonio da Marouca sen poder deixar de ollar para ela.

El pagou o tempo estipulado para poder estar un pouco máis coa muller de negro, tempo que só ocupou en falar de si mesmo, dela,

das ansias e frustracións de ambos. Necesitaba desentrañar o misterio daquela muller.

Cando rematou o tempo Antonio da Marouca marchou sen saber nin sequera o nome daquela muller de negro que para el significaba o grande amor. Cando podía e os recursos llo permitían Antonio da Marouca achegábase a aquel cuarto, un cuarto tétrico de calquera recanto do Village. Mantiveron durante un tempo unha boa amizade e co tempo o galego converteuse no seu visitante máis asiduo, case cotián; mesmo houbo entre eles certa camaradería próxima ao namoro.

Mais cando a vida lle empezaba a sorrir e cría que axiña podería empezar a ser feliz, a muller de negro enfermou de Sida. Antonio mirou como pouco a pouco se ía degradando fisicamente e estivo xunto a ela ata os derradeiros minutos da súa vida. Foi o galego quen se encargou de avisar a familia e tamén de recibila no aeroporto, de entregarlle as poucas pertenzas que tiña. Encargouse tamén de agachar o comunicado médico para que nos papeis aparecera que a muller de negro morrera de cancro.

Cando volveu á casa, ao seu cuarto, logo de despedir os familiares, tomou uns grolos de café e sentou a cavilar. Alí, fronte a el, estaba a gabardina que tanto quixo, a gabardina da muller de negro, o único que restaba xa dela, e tamén a esencia, o seu cheiro nas costuras, nos pregues da roupa. Entón apertou a gabardina e chorou de rixo, sentindo –por vez primeira- as dentadas da soidade que o roían por dentro. A saudade daquela muller da que nunca soubo o nome.

O COELLO

A ponla de alén mar
é soio unha metáfora.

O povo quere terra
como Anteo na fábula.

A terra quere povo
para ser fecundada.

Viaxe ao país dos ananos

Celso Emilio Ferreiro

Polo título que acabades de ler podería parecer que eu fose falar dese animal doméstico, tan suave e tan agarimoso. A verdade é que este coello do que lles vou falar parécese máis a unha rata que a un coello, pero este é o alcume deste home e, con perdón dos coellos, falo desta rata.

O Coello era un personaxe orixinal, como saído dos libros de cabalería. Mais, por moito que disimulaba e intentaba aparentar, non conseguía tapar a súa orixe plebea. Hai cousas que están nos xenes. El chegou a Nova York, coma moitos emigrantes galegos, só que, a diferenza doutros, el era traballador e cobizoso. Agarrado coma un xudeu e falso coma as moedas de Xudas. Durante o tempo que traballou na compañía Carpano de construción, como pinche, para non gastar levaba bocatas de *ketchup*, e cando algún compañeiro tiraba uns zapatos vellos, el miraba se naquel par había algún en bo estado, gardábao para usar no traballo e non ter que mercar zapatos. Para non pagar alugamento e ter onde durmir chegou a un acordo co dono dun restaurante español. O dono era de Ourense, concretamente de Vilanova dos Infantes. Así durmía gratis e coidaba

do negocio. O Coello non perdía o tempo, era tamén un home con sorte. Eu, despois de seguir os pasos deste personaxe, pensei se tipos coma este non serían os que teceron esas lendas que aparecen nos chistes de *gallegos*.

Animado polo dono do restaurante, o Coello empezou a traballar de camareiro, e moi pronto pola confianza que tiñan posta nel pasou a ser a man dereita do xefe. Pasado o tempo o dono do restaurante morreu. Despois de acompañar o cadáver de Xosé Márquez ao avión para Galicia mercou o restaurante Sabor Ibérico con outro socio e converteuse xa en dono. As paredes do restaurante, coma case todos os restaurantes españois de Nova York, estaban cubertas con carteis de corridas de touros. O Coello nunca fora a unha corrida de touros, tampouco os donos da maioría dos restaurantes foran nunca, pero que importa, aquela era a España de pandeireta que había que lles vender aos americanos, así que: ¡Olé!

Na fronte do bar, unha foto en branco e negro do entón ministro de Franco, don Manuel Fraga Iribarne, gardaba con seriedade o silencio das botellas. Esa foto fora feita na Exposición Universal de Nova York. O Coello, quen fora obreiro toda a vida, comezou sen pena nin conciencia a explotar os emigrantes mexicanos, ecuatorianos e doutras nacionalidades, pagándolles salarios ridículos e facéndoos traballar longos días e longas horas.

Especulou coa vida e cos sonhos de moita xente. Era un raposo, dos que aínda cando te están fodendo, fanche ver que che están facendo un favor. O Coello era un home desconfiado ata límites insospeitados; nunca deixaba o restaurante en mans de empregados, podías atopalo ás tres da mañá ergueito e ás seis xa volvía estar en pé limpando a fronte do restaurante.

Os cartos gañados foron investidos en ladrillos, comprou casas en Nova York e en Galicia. Cada vez que se encontraba cun amigo amosáballe o restaurante, e logo todas as fotos das casas de aquí e de acolá. Iso si, moi humildemente, e sobre todo esforzábbase por

demostrar o moito que levaba traballado. Na súa aldea era moi admirado. Realmente en Galicia nunca saben a realidade destas ratas migratorias. O Coello era admirado polo moito diñeiro que tiña, el era un vencedor da emigración. Por iso os catro pailáns que conformaban o poder do concello, alcalde e concelleiros, recibíanos cada ano cos brazos abertos; a fin de contas era un *americano*. O director do banco ía sempre recollelo ao aeroporto; xa sabía que sempre chegaba con cartos, e non era bo que fose só. O director do banco era un vello raposo do oficio e sabía como lidar con este tipo de xente.

O Coello era un franquista solapado, sempre dicía que Franco salvara a España do comunismo ruso, pero se lle preguntabas en que consistía o comunismo mudaba de tema. Soamente os nacionalistas da vila o odiaban, ata tal punto que, cada ano cando chegaba de vacacións, encontraba o portal e as paredes do chalé esborrachadas con pintadas alusivas á súa persoa, bruta e explotadora. Entón el rabiaba co xenio e berraba que con Franco estas cousas non pasaban. O Coello sempre dicía que el era apolítico, que non entendía de política e que o único que quería era orde. Pero cada ano contribuía á campaña política do cacique de quenda, a cal peor, que se facían quendas no goberno do seu concello nativo.

Un día, en Nova York, cando un vello exiliado republicano lle contestou que con Franco en España non quedara nin un só intelectual, o Coello contestou que para que servían e o ben que viviran sen eles todo ese tempo. Nas festas patronais da súa vila, pagáballe á banda de música e tamén a tirada dos foguetes. Comía ese día co abade, co alcalde e co resto da comisión municipal. A min contáranme que dende que comprara o restaurante, nunca fixera arranxo ningún, e que en vez de teléfono privado mandara colocar un teléfono público dentro do restaurante e era do que se servía, tanto para chamar coma para que o chamasen. Pasados os anos eu quixen comprobar se aquilo era certo e fun á rúa catorce coñecer o Coello.

Achegueime ao bar e pedín un viño. Non tardei en identificalo. Alí, no fondo do bar e xa tinxido de branco polos anos, estaba o personaxe desta historia. Agora o restaurante levábao o fillo, pero todo ao meu redor daba asco, todo estaba igual que corenta anos atrás. O teléfono tamén seguía sendo o mesmo. O restaurante conservaba o po daqueles anos que noutro tempo puideron ser de gloria, pero que hoxe son de vergoña.

Hai personaxes que máis vale que non tiveran nacido nunca.

SAN CARALLÁN

Dende que cheguei aos Estados Unidos de Norteamérica moita xente se empeñou en saber que significaba a verba *carallo*. Xente de moitos países que matinou en que eu lles explicase tal significado. Xa que o mesmo se pode escoitar *carallo* no barrio de Harlem, coma en Singapur ou en Rusia, ou mesmo no piso noventa de calquera rañaceos de Hong-Kong. O galego é doado de encontrar en todos os recunchos do planeta. De maneira confidencial, case todos sabemos que cando a nave espacial Apolo X, ao mando da cal estaba o comandante Amstrong, na súa primeira viaxe á Lúa se atopou co afiador de Celanova, chamado Antonio da Marouca, e que xa pertencía á segunda xeración de afiadores daquela terra. Claro que a CIA se encargou de silenciar todo o asunto, que nesas cousas son moi bos. E os galegos, que non temos moito afán de protagonismo, deixamos así a cousa para facer feliz ao próximo. Tamén é certo que para calquera expresión, sexa para ben ou para mal, a verba *carallo*, é fácil que saia dos beizos de calquera galego.

Foi daquela, cando me encontrei entre a espada e a parede, cousa que non é de moito agrado, unha noite que quedei ben ceado no restaurante italiano onde traballaba, o Petaluma, despois de tomar unhas copas de bo viño, ante a eterna polémica semántico-etimolóxica do "carallo". Sentínme inspirado e comecei a historia polo eido espiritual. Ollei para os meus compañeiros que me espreitaban, coma cans de caza ollando para o mantenza, e principiei:

-Ben, o que eu vos vou contar é a historia máis fermosa que xamais escoitarades dos beizos de ninguén. Todos sabedes o que son as mitoloxías, polo tanto Galicia, coma calquera país do mundo, ten os seus deuses e as súas divindades, polo tanto *carallo* ou *San Carallán* é o Deus do concibimento. Conta unha

antiga lenda, moi antiga, pasada de pais a fillos e de xeración en xeración, ata o día de hoxe que toda aquela muller que non podía ter fillos se ofrecía ao santo San Carallán. Tiña ela que levar o santo, bañar a imaxe en auga bendita, deitalo aos pés da cama e durmir soa durante tres días e tres noites; e a terceira noite tiña que levalo ao regato máis próximo e bañarse co santo. Foron tantas as devotas que encontrou San Carallán que o crego da vila onde se venera o santo, no Concello de Redondela, tivo que facerse cun caderno de apuntes para levar conta de a quen lle pertencía o santo e tamén para saber onde andaba. Pois as liortas e os fungueirazos estaban á orde do día, por culpa de querer saltar a vez. Ao santo facíanlle unha gran festa cada ano, onde o sacaban á rúa en procesión e detrás del ían as nais ofrecidas en anos anteriores cos seus nenos. Hoxe en día a xente xa non cre tanto neses milagres, pero sempre hai quen fai a proba e se ofrece. O que si é certo é que a xente segue celebrando a festa do santo cada ano, coa mesma devoción e ledicia de sempre.

Despois de descifrarlles o misterio, mentres me ollaban cos seus ollos medios espantados, coidei que todos creran aquela troula, a xulgar pola cara que puñan. Sentín que todos quedaron satisfeitos, e foi entón cando me levantei e, erguendo a copa, falei para eles.

-Brindo por vós e por San Carallán. Sen eu dar-me conta sucedeu que unha das últimas clientas do restaurante escoitou a historia. Cando, aos poucos días de todo isto, percorrín as rúas que me levaban ao Petaluma, encontrei vinda de instalar unha nova tenda esotérica onde hai unha imaxe grotesca, metade falo, metade home no escaparate e riba dela un cartel de neon coa lenda: *"Saint Karalhas" Galician patron of family, mothers' n' fertility. Very milagrous. Ritual advocacy \$50.* E unha cola de xente para entrar. No interior, ao que me asomei, estaba a muller que escoitou en silencio a miña historia no restaurante vestida totalmente de negro. Velaí o carácter práctico dos neiorquinos.

-Manda carallo –pensei, nunca mellor dito-. Uns levamos a fama e outros o proveito.

A CARNE DOS SOÑOS

Era tarde, case a unha e media da madrugada. Ía frío, ese frío de estepario inverno en Nova York.

O frío apoderárase da noite, un frío xélido que calaba os ósos. Nas pozas escintilaban los reflexos das luces de neon provenientes de milleiros de anuncios.

Manhattan quedara atrás. O tren ruxía na súa viaxe infernal debaixo das entrañas do monstro. Hoxe tivera un día moi trasfegado xa que, despois da miñas horas de traballo como ensinante de Literatura española, assistira á presentación do libro do profesor cubano José Olivio Jiménez, unha crítica sobre ese interesante creador das letras cubanas que foi José Martí. Logo da presentación reunímonos a carón do profesor para felicitalo e tomar uns viños na súa compañía. O tren moíame os ósos co seu arrandeo.

Chego á esquina de Roosevelt coa setenta e catro, saio da estación e corro a refuxiarme no meu pequeno apartamento. Cando chego o frío acoítélame e o silencio acólleme como unha amante fiel. Achégome á sala e sento no sofá, leo, outras veces acendo a televisión e ollo o telexornal que nos transmite a canle 66 dende España. Así podo seguir de preto o desenvolvemento da Operación Nécora que xa fede a bacallao, ou o caso dos Gal. Así como tamén o caso do querido Roldán, que nada ten que ver co personaxe homónimo da literatura de cabalerías, pero que si nos deu a todos uns bos couces. A televisión aloumiñaba o meu inconsciente, levábao por unha rúa sen saída, e baixábao deica o abismo. Algunhas veces, é case costume, esperto coa televisión acesa e vexo no reloxo que son as tres da mañá, e cando me levanto para ir á cama doume conta que o interior sempre pode ir co exterior.

Levántome e camiño deambulando no espazo da sala onde está a televisión ata o cuarto para estaloirme na cama. O meu cuarto é o clásico cuarto de aprendiz de escritor; tamén polo seu estado de desorde nótase a falta dunha man feminina na casa. É un xeito de falar, claro. Saquei a camisa e o pantalón e deiteime. Devalei polos segundos que me levou reiniciar o sono. De súpeto sentínme caer nun abismo sen fondo. Non sei canto durou o meu esvaramento, por unha paisaxe que nunca vira nin soñara; tamén pensei, no meu inconsciente, que a velocidade que levaba era tanta que non tardaría en estrelarme no chan e desfacerme en anacos. Sentía no estómago ese baleiro parecido a cando viaxas en avión e sen aviso ningún, este baixa de súpeto e sentes que o estómago che sae pola boca. Pero non foi así, xa que a pouca distancia do que parecía a fin, algo me fixo reducir a velocidade e descender coma quen baixa nunha nube. Baixei e camiñei, camiñei por unha paisaxe nunca vista na vida real. Aquilo non podía ser outra cousa máis que o paraíso. Entón pregunteime a min mesmo se aquilo era o paraíso.

¿Sería que eu estaba morto e chegaba ao ceo? Non tiña a posibilidade de sabelo. Non atopaba resposta e deixei levar atraído por todo o que me rodeaba, estaba nunha selva mesta. Lémbrome que toda a flora e fauna que me circundaban, a pesar de mesturárense comigo, eu non conseguía tocalas. Camiñei sen cansar moito e cheguei a un claro onde había máis espazo e menos vexetación.

Entón, de súpeto, apareceu unha muller na rúa. Non podía ser Eva, porque eu non era Adán. Entón ¿quen era? “Xa sei, morrín e vin parar ao inferno”, pensei para min e ela é unha muller en pecado. Non tiven tempo de máis, ou non quixen pensar máis. Aquela muller fermosa rodeoume cos seus brazos e as súas pernas. Todo era perfecto, os seus beizos vermellos, dun vermello que endexamais mirei na miña vida. Coma un meigallo imposible de descifrar, aqueles beizos abrazáronme e exploráronme todo o corpo coma se os

coñecese de toda a vida. Non sei, non saberei xamais o tempo que durou a miña éxtase. Só sei que me sentín elevado nunha nube, da cal non quería baixar máis. Aquel era divinamente o corpo máis perfecto que eu ollara na miña vida, pero de todo aquel corpo eran os beizos o que máis me impresionou; tamén o que máis percibía no soño. Por máis que eu me esforzaba en identificar aquel corpo, facíase imposible; sempre eran os beizos vermellos que se estrelaban contra min pero non era quen de recoñecer as demais faccións, coma se agachase a cara detrás dun tule. Espertei entre feliz e angustiado, coas sabas molladas por aquel marabilloso orgasmo que nunca eu conseguira daquela xeito.

Paréceme, se mal non me lembro, que non pasaron de dous os soños eróticos que eu tiven en toda a miña vida, e sen eses finais apoteósicos. Pero, sobre todo agora, despois de durmir, era a mágoa o que máis conseguía reter. ¿Por que esa mágoa? ¿por que tiña que estar pendente de algo que só fora unha invención onírica?

Durante días saín á rúa, buscando os beizos daquela soño, collín o tren, o autobús, busquei polos parques e as rúas e non encontrei nada. Sentía que me ía volver tolo, estaba abandonando a vida, a punto de entrar nese mundo inconsciente da tolería. De súpeto, unha mañá espertei tranquilo, coma se aquel soño pasase a un segundo plano. Recuperarei o estado normal, pero aínda sentindo o sabor de boca daqueles bicos e sentindo no fondo de min a imaxe duns beizos feiticeiros. Quedábame a imaxe de todo aquilo que me provocaba sensación doce, que foi devalando pouco a pouco ata que se esvaeceu.

Pero o destino, feliz unhas veces e cruel outras, deita trampas que semellan ventás abertas á liberdade.

Así, un día que decidín pasar unhas vacacións en Puerto Rico. Entón pasei pola primeira axencia de viaxes que atopei ao paso e entrei pedir información de prezos de hoteis. Nada máis entrar sentín unha sensación de benestar que me envolvía, acougándome; estábame

pasando algo e non sabía que era. Despois sentín un afogo doentío no peito, unha angustia desasosegadora imposible de descifrar. Mirei para todas partes intentando descubrir a razón do meu acoramento e non atopaba nada. Cando xa levaba un pouco agardando, a muller que me atendía chamou pola rapaza que lle axudaba na oficina e esta virou cara a nós. O meu corazón empezou de novo a petar con forza. Aqueles labios eran os mesmos do soño; os mesmos ollos; a mesma pel.

Souben quen non podía seguir alí, que necesitaba fuxir lonxe, afastar as pantasma do trasmundo das miñas frustracións.

Gardei o folleto informativo e saín a escape sen virar a vista atrás. Un vento lixeiro e unha chuvia miúda refrescoume a cara. A un lado e outro da avenida destacaba o colorido dos distintos chiringos que uns máis que outros loitan por chamar a atención da clientela. O bulicio que presentan as rúas de Manhattan a calquera hora do día, esa sensación de multitude humana que te devora.

Non sei canto tempo camiñei naquel estado de loucura nin cales foron os pensamentos que pasaron pola miña cabeza. Veu ata min a infancia toda, os primeiros anos en que era rapaciño na miña vila da Guarda, o recendo do mar despois da treboada, a textura das algas que arrastra a maré... Din que o home cando veta a morte, condensa na menta toda a súa vida nun segundo. Non sei se eu ía morrer. Só sei que cheguei tarde á universidade, que subín con toda présa, sentindo as ganas de empuxar polo ascensor para que chegara máis rápido. O tempo ata o piso corenta pareceume eterno. A clase saíume un desastre, só se me ocorreu falar de Freud e das súas vinculacións coa literatura fantástica. O ensoño. A fabulación. O subconsciente intuitivo. A creación de imaxes mentais que teñen un soporte real. Ninguén entendeu a miña exposición apaixonada sobre o tema. Tampouco ninguén argumentou nada que puidese abrir un carreiro de luz. Cando a clase rematou volvíñ á normalidade; foi iso o que eu pensei, pero, ao cabo duns días, as imaxes daquela *femme*

fatale da axencia volvían á miña cabeza, atormentándome e eu non facía máis que cavilar naqueles beizos, naqueles ollos, naquela pel: ¿Sería aquela muller a mesma muller do meu soño?

Entón pensei que o mellor era achegarme á axencia para descubrir quen era e de onde viña. A noite converteuse nun longo inferno de pesadelos e insomnios, onde eu só desexaba que chegara a mañá do día seguinte.

Logo de camiñar un anaco, atopei a axencia que estaba buscando. Na fronte e na parte de arriba da porta había un letreiro que poñía en letras grandes: *Caribe Travels*. Mirei dende fóra e pensei nunha excusa para entrar. Ollei dentro. Non tiña clientes a esa hora. Entrei decidido; alí estab. Non había dúbida, era a mesma muller do soño. Mentres a miraba extasiado pensaba por que me tiñan que pasar a min estas cousas. Eu que nunca me namorara e que só tivera pequenas historias, historias triviais, se cadra, pragmáticas de máis para satisfacer as miñas ansias de absoluto, de amor sen límites, de frebas tocadas pola exaltación do espírito. Se cadra tan só estaba sendo vítima da superchería pueril, escravo dun soño pequeno, amador duns beizos, duns ollos, dun corpo que só a miña imaxinación exaltada compoñía; o que é certo, todo debo dicilo, é que só de pensar naquela muller todo o meu ser ardía cheo de paixón.

Despois de saudala, pregunteille polas tarifas de distintas viaxes, comentándolle que tiña pensado pasar uns días no Caribe. Mentres me informaba de distintos prezos fixín unha conversación interesante ata que acabei por preguntarlle quen era e de onde viña. Díxome que se chamaba Liberta e que viña de Arxentina, da zona de Mendoza; fora adoptada de bebé. Díxome tamén que era feliz. Despois seguimos falando de moitas cousas e quedamos en vernos ao día seguinte. Houbo moitos días e moitas confidencias persoais que nunca antes me atrevera a facer a ninguén, ata que finalmente unha mañá luminosa de domingo, -contraposta a aqueloutras mañás de domingo baudelerianas, tristes e solitarias da miña vida anterior-

acabei por contarlle que xa a coñecía, que formaba parte dos meus soños e das miñas ansias. Ao comezo riu a broma, pero eu insistín e decateime de que estaba moi impresionada. Díxome que no eido espiritual era discípula da Escola de Teo, que ten como base fundamental a conservación da enerxía divina. A ensinanza fundamental desta escola consiste en transmutar esa enerxía divina. Despois de escoitar esas e outras definicións súas da vida, aquela muller pareceume máis doutro mundo ca deste.

Volvín á casa algo trastornado. Para calmarme acendín a televisión e sentei a ver os informativos. Ía apagala xusto cando vin anunciado nun programa de periodismo comprometido, unha entrevista aos implicados na ditadura arxentina de Jorge Rafael Videla, nomeado comandante en xefe do exército pola presidenta [María Estela Martínez](#), Isabelita. Videla encabezara o [golpe de estado](#) do [24 de marzo](#) de [1976](#) que substituiu a Isabelita Perón por unha [xunta](#), formada por el mesmo, en representación do Exército, oalmirante [Emilio Eduardo Massera](#) (Armada) e o brigadier xeneral [Orlando Ramón Agosti](#) (Forza Aérea), dando inicio ao autodenominado Proceso de Reorganización Nacional.

Sentei no sofá e agardei as imaxes; un xeneral arrependido contaba, sen o máis mínimo pudor, historias de desaparecidos na época da dita ditadura militar, rapaces e rapazas que eran asasinados e guindados dende un avión no medio do mar, todo isto coa bendición dun capelán da igrexa. Ao mesmo tempo que as preguntas aparecían as fotos dos bebés e tamén da xente desaparecida, nomes e vidas que estaban intentando ser recuperadas. Fillos sen identidade e milleiros de datos estarrecedores sobre o xenocidio.

De súpeto, estaba alí na pantalla, era ela, non había dúbida, a mesma pel, os mesmos ollos, a mesma boca de amorodo. Debaixo daquela imaxe rezaba unha lenda: *Sonia Comino Marstingaté. Desaparecida no ano 1977.*

Apaguei a televisión e berrei: ¡Merda!

O PORCO CANIZO

Foi por casualidade que batín coa foto dun porco. Estaba eu ollando unhas fotos esquecidas por un compañeiro de traballo, Edgar dos Santos, que partira meses antes, de volta á súa terra do Brasil, concretamente ás Minas Gerais. Pero, polo que me deron a entender, este non era un porco calquera, ou sexa, que este era un porco con clase, ou un porco con sorte. A min persoalmente entroume no máximo unha curiosidade fantástica, de saber quen era aquel porco e como fora a súa vida. E os amigos do Edgar contáronmo.

O porco Canizo naceu de sobra, é dicir, naceu de máis, é algo así coma cando entre os seres humanos, chamados racionais, a unha parella que xa ten fillos e non quere ter máis, lle vén un que non esperaban. O que aconteceu co porco Canizo non foi moi distinto, pois o problema era que a porca nai só tiña dez rollas para mamaren once bacoriños.

O porco Canizo naceu no Brasil, na cidade de Tiros, departamento de Minas Gerais onde era perfecto, é dicir alcalde, Joan de Govenato. O porco Canizo viu a luz da vida na facenda do Xeraisí, que era o dono da porca e dos once ranchiños. Este, ao darse conta de que a porca non podería crialos a todos, decidiu que o máis pequerrecho e de máis fraca figura tiña que ser sacrificado, de calquera xeito ía morrer en calquera intre. Pensou enterralo, pero ocorréuselle algo mellor, regalalo ao seu veciño Jovenao Miguel Núñez, dono da facenda Colgo do Capín que aceptou o porco e buscou a maneira de crialo. Pero, ¿como facer para criar un porquiño vindo de nacer? Revolucionouse a casa, na procura de criar esa criatura.

Buscáronlle unha mamadeira do biberón dos nenos, e esta facía de teto por onde se alimentaba o porco Canizo, para quen comezaba

unha nova vida na facenda de Colgo do Capín. Toda a familia Jovenao se encariñou co porco que eles mesmos bautizaron Canizo, e así empezou o animal a mamar na nova teta e a dar os primeiros pasos. Non foi difícil buscarlle un bo acubillo. Metérono nunha cesta de vimbio, envolvérono nun trapo e puxérono preto da lareira, onde as faíscas da leña brincaban no aire e o lume do fogón se facía arco da vella no lombo do Canizo. Foron pasando os días e o porco Canizo medrou e engordou, e pasou a ser o porco máis feito dos once irmáns. Xeraisí, que era dono da porca, e que fora o primeiro dono do Canizo, asistía incrédulo ao acontecemento da plenitude da vida.

A pesar de ser un porco, Canizo asistía ao desenvolvemento da vida familiar dos Jovenao, con eles compartía sempre a casa dende a lareira. Escoitaba atento a conversa da familia cando se xuntaban sentados á mesa, nesa cerimonia familiar do xantar. Canizo tamén era un porco limpo, pois, cando quería facer as súas porcalladas, chamaba á súa maneira para que o sacaran fóra. Polas mañás cando a familia Jovenao tardaba en levantarse, este achegábase á porta do cuarto e co fociño batía na porta para que deran sinais de vida.

Canizo era un porco que tiña medo da soidade. Non podía estar só, porque axiña empezaba a fungar. Pero o máis espectacular era ollar a familia Jovenao viaxar no seu *wolkswagen* polas rúas de Tiros, co porco Canizo sentado coma un ser humano. A xente, estrañada e curiosa, non facía máis que virar a cabeza por onde pasaba o Canizo. Chegou a ser un porco moi popular en todo Minas Gerais. Cando Jovenao chegaba á casa, canso do traballo e se dispuña a lear un cigarro, Canizo corría á lareira e collía do fogón un pauíño das brasas para levalo a carón do seu dono para que este prendera o cigarro.

Distinto á vida doutros porcos que acaban no banco á vontade dun coitelo na festa da matanza, Canizo viviu, chegou a vello e morreu un día calquera sen data, coa reverencia da vida e coa sorte ou merecemento de chegar á ancianidade, de morrer en paz ao pé da lareira que lle deu calor ata o derradeiro alento. Canizo durou moitos

anos, que non sei se son bastantes ou poucos, e morreu un día que se ergueu triste e sen ganas de comer. Deitouse coma sempre á calor do fogón e non espertou máis. A familia Jovenao, cando pensou que o porco Canizo estaba durmindo de máis, tratou de espertalo e foi entón cando comprobou que estaba morto.

Enterrado nun recuncho do eido, quedou na lembranza da familia que o criou e dos amigos que o quixeron. Hoxe Canizo é tamén un porco moi popular en Nova York, onde os emigrados de Tiros, que son lexión, asisten todos coa cabeza, confirmando a veracidade dos feitos relatados.

Se hoxe en día, e dende sempre, se lle fan tantas homenaxes a políticos máis marráns ca o Canizo, por que non facerlla a este porco que viviu e morreu con dignidade. Pois ben, sexa esta a miña.

GALEGO DE XIMIL

Baixo do tren F e camiño pola zona de Delancey Street. Delancey é unha rúa importante, onde podes mercar de todo, dende roupa barata ata calquera electrodoméstico que precisas. Delancey queda no baixo Manhattan, onde os edificios cambian de cor e se mesturan coas chabolas. Todas as cidades amontoan un cinto de miseria ao redor da súa riqueza. Na esquina da rúa Suffolk, un boricua vello vende piraguas con sabor a laranxa e cola. As piraguas son parecidas aos xeados e son de moita aceptación no Caribe. Todos coñecen este vello que xa é patrimonio da rúa polos anos que aí leva. Xunto del, unha radiocasete deixa oír a canción *Mi viejo San Juan*; tamén me afecta a min. Éntreme a saudade e faime cantaruxar, *Lonxe da terraña*; penso en Galicia, no mundo inconcreto e irrealizable que morre cada día co esquecemento dos intelectuais e dos políticos. Camiño sen rumbo e tropezo cun edificio dos meirandes que forman esta rúa. Hai moito tempo que non pasaba por aquí. Neste intre a miña memoria é máis rápida ca internet e as imaxes atropélanse na lembranza do maxín. Aquí coñecín hai algún tempo o mestre máis humano do mundo. Era o Galego de Ximil.

Só el foi quen de facer solidariedade humana no mundo dos emigrantes. Coñecino, e cando o coñecín pensei ¿por que, Galicia, os teus fillos máis valiosos teñen que estar sempre lonxe? Galego de Ximil tivo que saír de Galicia coma moitos outros. Era unha época de ditadura en que o ambiente de represión non deixaba espazo para pensar nin crear.

Cando, no ano 1968, os universitarios galegos protestaban facendo sentadas e cantando cancións coma *Venceremos nós*, versión galega

do *We shall overcome* de Joan Báez, e cando Uxío Novoneyra lía o seu poema *Vietnam Canto*, Galego de Ximil estaba en Madrid. Eran días terribles nos que sobre España caía a lousa do estado de excepción. Eran días en que o hoxe demócrata Manuel Fraga, daquela ministro con Franco, tomaba todo o control posible e fixo célebre aquela frase: "La calle es mía". Galego de Ximil traía a triste experiencia da persecución caciquil da súa terra. Marchaba da Galicia imposible e chegaba a Madrid como profesor e tamén como estudante. Deu moitas conferencias en Madrid, conferencias de temática social sobre a xuventude, tema que máis tarde se convertería no libro *Xuventú radical*, que tamén sería censurado pola maquinaria franquista. Por seren de tema *subversivo* as conferencias eran coordinadas despois das 12 da noite e case na clandestinidade. Traballou arreo nalgúns barrios marxinados de Madrid, barrios que formaban o cordón de pobreza na capital do Estado. Foi nun deses barrios, en Usera, onde fundou unha residencia para estudantes sen recursos económicos. Durante ese ano rematou *Xuventú radical*. Pero, alén diso, Galego de Ximil tiña o atrevemento de preparar a súa tese de doutoramento co título *A nova linguaxe da poesía rock*, analizando a obra de tres famosos cantautores dos Estados Unidos: Bob Dylan, Jim Morrison e Paul Simon. Para Galego de Ximil a data da defensa chegou un día calquera do mes de marzo. O tema da poesía no rock era novo nos anos da esperanza e da *Xuventú radical*. A defensa da súa tese tivo lugar nunha sala da facultade de Filosofía e Letras da Universidade Complutense. O presidente, como bo conservador, puxera reparo en aceptar o tema como válido para unha tese, xa que nunca se tratara nunha universidade. Pero os demais membros do tribunal dixeron que si lles parecía válido. A sala estaba ategada de xente, uns que coñecían a Galego de Ximil, outros que foran alumnos seus e outros aos que, sinxelamente, lles apaixonaba o tema. Galego de Ximil pediulle permiso ao presidente do tribunal académico e, bastante nervioso, comezou a defensa. Foi debullando

páxinas, soños canda as verbas, que algunhas parecían de chumbo e outras eran só ilusións e esperanzas, a cal máis poética. Entre todas elas resoou, na súa tradución, a lírica dunha canción de Bob Dylan, *Blowing in the wind*.

*How many roads must a man walk down
Before you call him a man?
Yes, 'n' how many seas must a white dove sail
Before she sleeps in the sand?
Yes, 'n' how many times must the cannon balls fly
Before they're forever banned?
The answer, my friend, is blowin' in the wind,
The answer is blowin' in the wind.¹*

Na fin da defensa atronou a sala cos aplausos da xente. Toda aquela mocidade, en pé, encontrara alguén que os entendía. Pero naquel Estado de lei marcial, naquela España, aqueles aplausos eran unha provocación. A policía, que tiña tomadas as universidades, entraba nas aulas ante calquera ruído sospeitoso. Foi entón cando os axentes invadiron a sala e se puxeron arredor da xente sen diciren nada. Terminada a defensa e aprobada a tese por unanimidade do xurado, moitos galegos que estaban en Madrid, que compartiran aquel día con Ximil, quixeron festexalo. Propuxéronlle reunirse á noite para facelo. Uns estudantes galegos tiñan un piso na rúa Cea Bermúdez e alí quedaron para reunirse. Pola tarde, cara á noitiña, Galego de Ximil camiñou ao piso onde se ía celebrar a festa. O día, case de primavera e cara á escurecida, parecía aberto á felicidade da esperanza. Non

¹ *Cantos camiños ten que andar un home ata chegar a ser home?*

Cantos mares ten que cruzar unha pomba ata que morre na ourela doutra banda?

Cantas veces teñen que soar os canóns ata que sexan prohibidos para sempre?

A resposta, meu amigo, está no vento.

A resposta está no vento.

semellaba que fose a España dos duros e escuros. Galego de Ximil camiñaba co seu escrito debaixo do brazo, parecíalle que nunca ía chegar, duráballe a ledicia daquela mañá vitoriosa, e naquel intre podería atravesar montañas. Chegou ao piso dos amigos de Cea Bermúdez e foi recibido con agarimo e ledicia. Comezou a festa e Ximil puxo o seu escrito enriba dunha mesa, para non andar coas follas dun lado para outro. Falábase dese día e tamén de outras moitas cousas.

Cando xa pasara un anaco de tempo, un tipo levantouse, achegouse ao lugar no cal estaba a tese de Ximil, sacou unha pistola e púxoala enriba das follas. Mirou fixamente para Ximil e díxolle:

- Mira agora para esta pistola e para estas follas. Agora son miñas, pero como te volva ver, a pistola é para ti.

Aquel tipo colleu as follas, a pistola e marchou. Aquela era a única copia que Ximil tiña da súa tese, xa que o orixinal quedara na universidade. Ninguén coñecía aquel individuo. Era, pois, un infiltrado do réxime franquista. Ximil, ante a ollada de todos, deu por acabado o seu festexo e saíu á rúa. Eran as dez da noite, a rúa estaba solitaria. Galego de Ximil encontrou aquela noite a máis triste de todas as noites.

O acto brutal da censura do seu libro *Xuventú radical* foi o que o fixo decidirse a deixar o Estado español. Foise para Alemaña e máis tarde para Oxford e para Londres, para cumprir compromisos cos seus estudantes. Logo dun tempo nesa cidade tiña que fixar a súa residencia nun país ou outro. Aínda que Alemaña o seducía máis no eido persoal pola cantidade de amigos e por dominar o idioma, tamén por estar máis preto de Galicia, Ximil decidiuse polo baixo Manhattan, onde xa estivera antes, pola cantidade de emigrantes hispanos; pensou que o seu labor podía ser alí máis efectivo. Entendendo a necesidade dos sectores marxidados con baixos recursos económicos, funda, cun grupo de xente, Solidariedade Humana. Logo dun tempo de funcionamento editan unha revista co mesmo título, o primeiro

número, con temas educativos e culturais, foi acollido con éxito. Sae axiña o segundo número, máis elaborado e con moito maior custo económico, pagado con diñeiro do peto dos mestres. Esperábase que coa venda dos exemplares se recuperase o diñeiro investido.

Nunha páxina dese número aparecía un artigo sobre a famosa bailarina cubana Alicia Alonso. Levaban entón vendidos uns setecentos exemplares. Unha chamada anónima a un posto de venda da revista ameaza con que se seguen vendendo esa revista serán obxecto de ataques con explosivos. Ante a ameaza destes grupos, posiblemente do exilio cubano, os quioscos e outros lugares de venda retiran a revista. Ximil recibe por eses días unha carta no enderezo de Solidariedade Humana, unha carta ameazante que pon en perigo a súa vida. Nese tempo existía en Nova York o chamado Omega 7, grupo radical e violento que chegou a causar vítimas entre os opositores políticos ás ditaduras. Ximil decidiu seguir loitando, mentres que algún compañeiro decidiu, ante esas ameazas, deixar o país.

Por aqueles días chegaba ao cumio da fama o cantante de merengue Johnny Ventura, que soubo do problema polos estudantes dominicanos que asistían ao programa educativo. Johnny Ventura decidiu axudalos, ofreceuse a cantar coa súa banda en calquera local que eles arranxaran para recuperar os cartos da revista. Os estudantes puxéronse á busca dun local onde facer a festa.

Cando chegaron onda Galego de Ximil déronlle a nova de que atoparan un sitio que se chamaba Casa de Galicia, na rúa Once da Cuarta Avenida. Foi esta unha nova chea de ledicia para el, que levaba vivindo en Nova York varios anos e nin sabía da existencia deste curruncho galego na metrópole. Foi este gran descubrimento. A festa resultou un tremendo éxito. O daquela presidente, Emilio Flores, díxolles que había tempo que Casa Galicia non gañaba tantos cartos nunha celebración. Non fora así para Solidariedade Humana, que por un mal entendido tiña dereito só ao diñeiro das entradas ao

concerto, e foi aí cando, aínda e todo, por fin se recuperou o perdido. Unha das cousas que máis enxebremente lembra Galego de Ximil era a boa biblioteca que tiña Casa Galicia de libros novos e vellos, e tamén de xornais, inda que todos eles foran en castelán; nunca a Casa Galicia fixo nada por recibir *A Nosa Terra* ou *A Peneira*, que daquela xa eran editados na lingua nosa. Daquela a sociedade galega estaba a pouco máis dun quilómetro da súa casa, na illa de Manhattan; tempo despois cambiaríase para Queens.

Galego de Ximil segue á procura do ser humano, ese ser humano que tanto matina en non selo. Érgome co traseiro adormecido de estar tanto tempo sentado, tempo que foi devalando lixeiro pola lembranza. Camiño e volvo escoitar a melodía de *Mi viejo San Juan*. Subo pola rúa Suffolk, que significa pobos do sur, e sinto como dúas bagoas baixan pola miña cara. Sinto que eu tamén estou na vertixe espiral da emigración, e polo tanto condenado á nostalxia.

A TERRA PROMETIDA

Eran as dez e media da mañá dun día de outono, soleado coma nos versos de Antonio Machado ou de Luis Pimentel. Coloreado de abrentes grises, o mesmo que a cor que predomina na cidade dos rañaceos. Baixei na estación do tren, na rúa 68, en Lexington. Camiñei cara ao restaurante onde traballo. Cando chego xa outra xente que se encarga de preparar as comidas, de limpar, etcétera. levan traballando dende as oito da mañá. Saúdo os compañeiros e vou directo á máquina do café, tomo uns grolos e comezo a traballar. Cando xa levaba un pouco trasfegando dun lado para outro, sentín que se alborotaba todo o restaurante. De súpeto, ollo dúas persoas vestidas de paisano que se identifican como axentes de inmigración. Entran e empezan a pedirilles documentación a todos. As portas están bloqueadas, fóra un furgón, de cor azul e pechado coma un cárcere, espera. Todos foxen, homes de Ecuador, Brasil, Colombia; pero os que non lles deu tempo de fuxiren, son conducidos ao furgón. Algúns xa o coñecen doutras veces, para outros é a primeira.

Ollo o furgón cos emigrantes que se van perdendo ao lonxe. Penso na loita dos homes polo traballo e na burocracia dos países. *Homus homini lupus*. O home perseguindo o home coma se se tratase de lobos. Moitos destes homes empéñanse nos seus países, hipotecando todo canto teñen para pagarlles aos chamados *coiotes*, para que os pasen dende os seus países de orixe ata aquí, a terra prometida.

Todo sucedeu coma un raio. Estes americanos do carallo andan a ritmo de computadora. Entre os detidos figura Héctor Mizhquiri. Esta é a terceira vez que os oficiais de emigración o levan detido. El era o único home da súa casa, pois os demais compoñentes da súa familia son mulleres. Nacera en Biblian, Turumpamba (Ecuador). No seu país traballara en distintos oficios, dependendo do que se presentara.

Ansioso por chegar á terra prometida, o paraíso dos dólares, coma moitos compañeiros, entrou en contacto cos tan tristemente coñecidos *coiotes*. Moita desta xente empeña todas as súas pertenzas para chegar aos Estados Unidos de Norteamérica. Uns chegan, outros non. A Héctor Mizhquiri custoulle seis millóns de sucres, un 3.500 dólares. Sacáronlle un billete cara a territorio panameño nunha axencia e iniciou así a súa travesía.

Saíu un venres ás once corenta e cinco, dende Ecuador a Panamá. O voo durou dúas horas. Chegou a Panamá á unha e corenta e cinco. Alí tiña que pasar alguén para recollelo pero non se presentou ninguén. Sen saber que facer nin a onde ir, hospedouse no Hotel El Pasador, no que pasou case que dúas semanas ata que o diñeiro empezaba a escasear. Nun deses días encontrouse con outro *coiote*. Parece que eses tipos tan tenebrosos cheiran de lonxe as súas vítimas. Este conseguíulle un visado falso e pasouno a Costa Rica; a travesía durou tres días. En Costa Rica metérono nun avión da compañía Lacs deica El Salvador e alí encerrárono nun cuarto do Hotel Continental. En El Salvador outro *coiote* chamado Jorge Serrano, de orixe guatemalteca, pasouno a México pola fronteira. Xa en México, concretamente en Hidalgo, déronlle a el e mais a outros que perseguían o mesmo fin, bicicletas para seguiren camiño da terra prometida. Con el viaxaban outros emigrantes chegados de moi diferentes países. Chegou a contar case cento vinte persoas.

Saíron cando aínda non apuntaba o sol; o abrente do día estaba en xestación. Chegaron a Puebla ás oito da noite. Pero nada máis chegar a policía montada sorprendeunos e colleunos a todos. Logo de detelos, foron expulsados do país. A policía mexicana transportounos ata a fronteira con Guatemala e deixounos nunha pequena vila chamada Esquínela. Dende aí e chegada a noite, intentárono outra vez. Pasaron en bicicleta ata Tapachula (México). Tiveron que facer

un rodeo deica chegar a Veracruz. Alí colleron un tren de carga. Viaxaron trinta e seis horas, soportando unha calor terrible, sen bebida nin comida, apertados uns contra outros. Foron moitos os que sufriron desmaios e náuseas e sospeitaron que alí ían deixar a pel. Acabaron facendo un buraco na parede do convoi. Chegaron a Aguas Prietas, xa preto dos Estados Unidos. Alí estiveron esperando case unha semana nunha casa vella, pasando fame xa que alí nada tiñan que comer. Antes de pasar a fronteira e tal como estaba estipulado tocoulles pagar mil douscentos dólares e pasaron a fronteira ata Phoenix (Arizona).

En Arizona a emigración volveulles botar o guante. Colleron os cento vinte en furgóns especiais e leváronos ao penal de El Corralón, na cidade de El Paso, Texas. Nada máis entrar déronlles un uniforme de cor verde, unha toalla, un cepillo de dentes, un caderno e un lapis. Na declaración Héctor Mizhquiri fíxose pasar por mexicano, pois parece ser que, dependendo do país de orixe, a diferenza económica da fianza é considerable. Pasou tres días naquel penal, onde coñeceu a outro na mesma situación ca el e tamén a outros que estaban alí por delitos comúns ou por delitos criminais. No terceiro día os criminais sacárono da súa cela e comunicáronlle que un tío que vivía en Nova York pagara unha fianza de mil dólares.

Cando o deixaron fóra el non sabía onde estaba. Os oficiais de emigración déronlle unha losqueada nas costas e desexáronlle unha boa viaxe. Sen diñeiro e sen a máis mínima idea da súa situación xeográfica, parou un taxi e díxolle que non tiña cartos, pero que podía pagarlle coa cazadora de coiro que levaba posta. O taxista, que era un emigrante máis que chegara a este país de maneira parecida, non lle cobrou nada. Grazas ao tío que vivía en Nova York e que estaba atento ás súas peripecias, puido chegar ata a cidade.

Xa na metrópole dos rañaceos tocoulle camiñar polas rúas en busca de traballo, ata que encontrou acomodo nun restaurante italiano. Levaba tres anos aquí neste restaurante ata que nestes días os

oficiais de emigración, nunha de tantas redadas rutineiras, o levaron detido. Metérono onte naquel furgón, que máis parecía a canceira municipal. Logo de pagar unha fianza, Emigración sóltao e el vaise para a casa, pero con tan mala sorte que polo camiño cae polas escaleiras do metro e pega un golpe na cabeza. Dende entón perdeu o sentido e converteuse nun *homeless*. Un dos cen mil refugallos da vida que deambulan, perdida a razón e a dignidade, polas rúas neoirquinas.

O CAN DOS XANCIÑOS

Contoumo Manolo o da Guarda. Un día que está na lurpia, quero dicir, cuns vasetes de máis. Dixen lurpia porque na nosa zona é moi común usar esa palabra, do verbo do cabaqueiro, para definir o estado dunha persoa bébeda. Pois, como dicía, contoumo Manolo, que leva case que vinte e cinco anos por estas terras, e que, dende que chegou á terra do Tío Sam, sempre traballou en restaurantes, aínda que na Guarda era mariñeiro. En Galicia era así, contaba Manolo, ou es mariñeiro ou es labrego. Xa de pequerrecho os pais vanche ensinando o oficio. Lévante con eles no burro ou no cabalo á veiga e comes a merenda sentado nun cesto. Ou corres xa de raparigo polos outeiros do porto e curtes as mans na salitre das redes, que xa dende meniño axudas a puxar por elas. Pero, en realidade, esta historia non é de Galicia, é de Manolo o da Guarda, e aconteceu aquí, no restaurante onde traballa; debullouna nun intre de debilidade, a carón dun neto de viño así coma quen vai cantar.

Chegaron tirando do can aínda que, ás veces, o can tiraba deles. Eran dous xa vellos habitantes de Park Avenue, unha das avenidas de máis etiqueta de Nova York. Manolo fixo aquí unha paréntese e díxome que eran clientes da casa pero que el nunca os atendera deica ese día. Estes xanciños, que eran o que parecían, sentaran fóra na terraza para gozaren o devalar da tarde e respiraren o aire fresco da anoitecida. O axudante do camareiro, así que ollou que sentaron, serviulles un vaso de auga e Manolo levoulles o viño branco que sempre tomaban. Todo ía moi ben. Achegouse a eles tratando de ser amable para tomarlles a orde da comida, pero sen quitarlle ollo ao can. O can parecía educado. Era un dálmata, semellaba ben mantido. Os cans das cidades polo regular son moi lambóns, teñen todo o que necesitan, non teñen que buscar a vida. Había que ver os cans de palleiro da miña parroquia, teimaba o Manolo. Que cans que, á media

volta, esfarrapábanche o pantalón, ou coma aquel can que tiña a Divina aló no aloqueiro en Salcidos. O vendedor de patacas, que sempre pasaba para deixar o pedido na casa, sempre lle pasaba a man pola cabeza e logo dáballe algunha lambetada. Pero o día que o vendedor estaba dacabalo da Divina, arrima que te arrima, o can deuse conta e, segundo as malas linguas, disque o trabou nos testículos. Días despois o can apareceu morto aforcado da cerdeira de acarón da casa. Din tamén que a Divina nunca máis quixo saber do vendedor e que este roldou a casa anos e anos, pero ela pecháballe a porta dos fociños.

Ben, pois entón Manolo, que o deixamos xunto aos xanciños, terminou de tomar a orde e, cando xa se ía, un xanciño detívoo coa súa voz de fruta e pediulle tamén para o can un prato de carne. Manolo non dixo nada, afirmou coa cabeza e marchou. Sentiu que aquilo era un insulto. Baixou ao soto do restaurante para fumar un cigarro. Lembrouse dos cans de palleiro que el tivera nas afastadas terras miñotas.

Manolo quería aos cans pero aquilo era de máis. Subiu correndo a comida dos xanciños que xa estaba pronta. Serviullela pero a comida do can pediulle ao axudante que lle levase. Os xanciños pediron ao axudante que lle levase auga ao can. Manolo ollaba de lonxe e, de súpeto, prendéuselle a lámpada e pensou para el que se o can comía carne, tamén podía beber viño. Achegouse xunto ao axudante e collendo unha botella de viño branco baleirouna toda no medio da auga. O axudante deuse conta da intención do Manolo e sorriu.

O can meteu os fociños na auga e bebeu todo canto puido, baixo a ollada atenta do Manolo e dos camareiros que se decataron. O dálmata non tardou en ficar durmido coma unha pedra. Manolo pensou en canta xentiña pasa fame aquí mesmo en Nova York. Os xanciños falaban entretidos, unha tarde máis da cidade dos rañaceos. Manolo, o da Guarda, como todos lle chamaban alí, andaba dun lado para o outro sen deixar de ollar para o can, que seguía durmindo a

bebedeira. Pasado o tempo da cea e de tomar o café, os xanciños levantáronse para marchar. O can espertou de mala gana e empezou a facer curvas segundo ía camiñando. Os compañeiros do Manolo, que xa sabían todos da faena do viño, achegáronse á porta para ollaren o can cando camiñaba aos tombos e rían a ocorrencia do Manolo.

A Manolo, rematou, nunca máis se lle presentou outro caso coma este; verdadeiramente, asegurou, non o fixera como vinganza, só que sentiu noxo porque un can comera tan de limpo. O que non contou foi que tamén este can acabou aforcado e guindado da póla máis alta da árbore do xardín da casa dos xanciños. Hai instintos que son máis fortes ca un.

COMIDO CON AMOR

A vida de Jeffrey Shelton é unha vida sen sobresaltos. Nado nunha boa familia. Criado nun bo barrio de Boston. Escola privada, católica e boas compañías. Jeffrey tamén tiña unha irmá, Rebeca. A verdade é que lle gustaba xogar máis coa irmá que cos amigos.

Pouco a pouco, Jeffrey foi sentindo un desexo indomable de xogar coas monecas da súa irmá. Ás veces tamén lle gustaba de vestir coas roupas da súa irmá. Esta, que pouco a pouco ía chegando á adolescencia, comezou a sentir desacougo pola afección do seu irmán a todo o feminino. Toda esta combinación de gustos ninguén o tomaba en conta, tan só ela. Un día Rebeca encontrouno diante do espello, adornándose co seu pintabeizos. Foi a gota que encheu o vaso. Arrincoulle a barra de beizos e berrou, chamándolle maricón. E despois de tirarlle ao chan pisouna e esbarrouna contra o piso.

Mirouno con desprezo á cara a ameazou que se volvía collelo *in flagranti*, contaríalles todo aos pais e a todos os seus amigos. Jeffrey quedou teso coma unha estatua, calou e asentiu; sabía que a súa irmá non chacoteaba e sentiu medo por primeira vez. A partir dese momento decatouse de que aquilo era serio e empezou a tomar precaucións, dentro dese mundo onde el se sentía máis cómodo.

Medrou tendo un carácter introvertido e sen permitir que ninguén entrara na súa privacidade. Medrou coma un rapaz aplicado, que realmente o era, digno de ter como referencia de todas as nais. Así que terminou os estudos de bacharelato, Jeffrey buscou unha universidade en Nova York e foise da súa casa. Era o mellor que podía facer, por el e por toda a súa familia. Buscou un cuarto no Village e empezou a estudar. Axiña comprou unha guía erótica de Manhattan e nela buscou, desasosegado, todos os bares de afluencia *gay*. Pasou toda unha semana percorréndoo de punta a punta. Louco

de contento, nunha soa noite visitou a maioría dos bares para ollar o ambiente e logo ir a onde máis lle apetecese. Durante unha semana, e xa con máis calma, visitou dous ou tres; e foi nun deles, O Melao, onde uns ollos o miraron con tenrura. Era o *bartender*, é dicir, o camareiro de detrás da barra. Chamábase Esteban Valera, pero todos lle chamaban Valera. Era cubano da Habana e axiña se entenderon moi ben.

Pasado un tempo, Jeffrey mudouse ao apartamento de Valera e, coma os matrimonios que logo dun tempo de noivado se xuntan, empezaron os problemas. Empezaron os celos e Jeffrey, para quen Valera fora o primeiro home da súa vida, o que lle ensinara a amar, sentía nel unha frialdade repentina, e preguntábase se non tería sido máis que outra conquista daquel cubano que tiña un peteiro de ouro. Viñeron os reproches e os maltratos, e un día, que xa non puido cos ciúmes, foi espialo ao Melao.

Dende lonxe, nunha cortina de fume, ollouno bicándose cun rapaz louro. Jeffrey enlouqueceu cos celos e foise. Aquilo era para el coma a morte de Narciso, e así como se ama tamén se odia. Do máis fondo do seu corazón saíu ese Otelo que todos levamos dentro e só pensou en matar a Valera. Finxiu que durmía cando chegou o seu amante e sentiu aquel beixo de Xudas na súa meixela. Durmiron placidamente e cos primeiros raios de sol, espertaron abrazados. Espertou tamén con Jeffrey aquel desexo de vinganza. Foi xa ao mediodía cando co seu maquinado plan lle pediu ao seu amante Valera que viñese cedo esa noite para cear. Sorprendeuno pois cunha boa cea, de mantel de estrea, viño, champaña e candeas que logo farían de velorio.

Valera chegou cedo, tal como lle prometera. Todo foi fácil, a comida, o viño e o amor apaixonado de dous corpos que soltan faíscas de suor e de xenreira. Logo veu o champaña e as pastillas de durmir. Jeffrey, coma un cabalo desbocado, martelou ata cansar na cabeza de Valera o odio que sentía; cando parou tiña o cerebro esnaquizado. Logo meteuno na bañeira e foino serrando a cachos. Unhas partes

enterrounas de noite no xardín e outras meteunas na neveira do seu apartamento envoltas en papel de aluminio.

Como todo se descobre, non tardou o cerco policial en achegarse a Jeffrey. Os compañeiros de traballo, os amigos e a familia buscábano desesperadamente e só el podía saber onde estaba Valera. Jeffrey non aguantou a presión policial e pronto confesou. As imaxes dos informativos achegáronnos unha vez máis á realidade inhumana do ser chamado racional, e ollamos a fosa aberta no xardín, os anacos de carne cortados en filetes na neveira, que Jeffrey, segundo confesou, comía pouco a pouco, porque o amaba. E así, na televisión, os que nos queren dar o aínda máis difícil no eido informativo para subir a audiencia, durmiron sorrindo; aquela noite conseguíranos. Jeffrey demostrara que non quixera nin coñecera outra carne que non fora a de Valera. Nuns días todo quedaría no esquecemento.

RETURN TO SENDER

Acordei sobresaltado, cun sabor amargo na boca e unha irracional consciencia da situación. Non había dúbida. Espertaba dun pesadelo e non me lembraba da nada. Ás veces, os soños son coma as vidas anteriores, que che lembran algo e non sabes que vén sendo. Pouco a pouco empecei a entrar na realidade. A miña ollada viaxou polas paredes, recoñecendo cada un dos obxectos pendurados. Foi entón cando me decatei de que estaba na casa e que acababa de espertar. A tranquilidade da parte do barrio onde vivo, Elmhurst, a situación da casa, erguida a uns metros da rúa, por outra banda, non moi transitada, que morre medio quilómetro máis adiante, acentúa nun día calmo o misterio das horas.

Parece que esta mañá todo se confabulara para crear a miña tortura. Fóra estaba un día morno. Orballaba aos poucos, circunstancia que acrecentaba a miña preguiza para erguer da cama e acentuaba a miña anguria. Polo de pronto remexín as mantas e virei para o outro lado. Non foron moitos os minutos que conseguín estar na mesma postura, xa que a anguria caía sobre min coma a espada de Damocles.

O solpor do tempo navegoume na ledicia da liberdade. De novo espertei sobresaltado, a angustia apertábame o peito coma se o demo sentara riba de min. A chuvia caía mornamente coa suavidade da terra e o barullo mecánico e sonoro da música clásica. Levanteime, quentei o café que sobrara de onte e a modiño fun bebendo uns grolos que me sabían a gloria. Fixen a cama e logo cos pelos de punta coma se tivera ollado o demo, coa barba medrada dun día sen afeitar, achegueime ata a sala e acendín a televisión para ollar se acontecera algunha novidade. Os telexornais de Nova York son macabros, non só pola cantidade de sucesos sanguinolentos,

senón pola maneira en que superan estes sucesos os límites da imaxinación. Xente que chega a extremos de canibalismo fino. "*Mundo cane*", como din os italianos.

Apago o receptor e quedo en silencio, sinto que algo me espreita, non sei por que miro debaixo do sofá e tamén da cama; todo é normal pero eu sinto que algo misterioso voa no meu inconsciente. Subo a persiana e ollo pola ventá. Ao lonxe, no cercado do eido onde está o caixón do correo hai un sobre amarelo. O sobre paréceme coñecido. Agora empezo a sospeitar que nel está a razón da miña angustia. Sinto ganas de saír correndo e botarlle a man. Agora a miña angustia é de cor amarela. Tamén teño medo, un medo descoñecido que me fai tremer. Poño os meus *jeans* preferidos, Lewis 501, saio fóra; o camiño pareceume afastado, moi lonxe, as pernas e os brazos pésanme coma se fosen de chumbo. Collo o sobre amarelo e ólloo de fronte coma quen mira un inimigo. Recoñecín a letra; aquela letra era miña, e aquel sobre contiña a miña derradeira creación poética, que eu mandara para o meu amigo Xoán Couto, escritor e crítico de literatura que residía en Vigo, na rúa García Barbón. A derradeira vez que falei con el antes de vir para Nova York traballaba como profesor no Instituto Santa Irene de Vigo, home que fora no seu día vixiado e perseguido polo franquismo. No sobre estaba moi claro: *RETURN TO SENDER* e de seguido tamén en letras maiúsculas puña MORTO e remachadas en inglés *DEAD*. ¿Como era posíbel que eu non soubese que Xoán Couto morrera?

Non podía ser, tiña que ser un erro. Un escritor tan importante no mundo intelectual non podía morrer así, sen que ninguén soubese nada. Os xornais, os medios de comunicación tiñan que ter dito algo. Volvín á casa medorento, pechei a porta, ollei a porta e ollei para fóra coma se sospeitase que se seguía o lobishome. Pousei o sobre, camiñei pola sala mirando aquelas letras MORTO. MORTO. MORTO ... Aquelas cinco letras perseguíanme coma cando eu era un neno e visitaba os cemiterios. Mirando daquela para as fotos dos defuntos

decateime de que, dende calquera ángulo que as mirara, elas ollaban sempre para min. Sentín necesidade de comunicación con algún ser a quen cortarlle esta traxedia do destino. Collín o teléfono e chamei ao meu amigo, o profesor Dino Pazo Lindín.

- Dino, ¿es ti?
- Si... Son eu ¿quen fala?
- Son eu, chamábate porque me pasou algo terrible, resulta que me veu devolta unha carta que lle mandara a Xoán Couto, o problema non é que viñese de volta, o problema é que no sobre pon en letras maiúsculas MORTO.
- A Dino tremeulle a fala no outro lado do teléfono, e coma se non crese o que lle acababa de dicir, preguntoume de novo.
- ¿Dis que morreu Xoán Couto?
- Si, Dino, o que escoitaches. Morreu Xoán Couto.
- Ti estás tolo, ten que ser un erro, aínda a semana pasada estivo dando unha conferencia no instituto de formación profesional do Ferrol.

Agora era eu o que xa tremía e non sabía que facer ou dicir. Pousei o teléfono e volvíñ camiñar, collín o sobre e mireino por derradeira vez. Escacheino en cachos, e parecía que a verba *Morto* non se desfecía nunca e me ollaba dende o fondo da papeleira, por máis que dividía os anacos, multiplicábanse e a verba *Morto* parecía meirande. Sentei no sofá, o silencio invadía a estancia; fóra os pardais aproveitan a derradeira comida que lles puxera dous días antes no comedeiro. As maceiras e a figueira bailaban á sinfonía do vento.

A memoria facíame lembrar como coñecera a Xoán Couto aló polos derradeiros anos 70. Xoán Noia, quen vivía na Guarda, na rúa do Muro, nº. 19, e con quen pasei moitas tardes falando sobre a súa vida de fuxido do franquismo, faloume da súa amizade con Xoán Couto. Un día faloulle de min para que el me recibise na súa casa. Aquel día foi un día moi importante para min, eu aínda non coñecía a

ningún escritor. Cedo, de mañá collín o coche de liña e, tremendo cos nervios, petei na porta e abriume a súa muller. Xoán Couto recibíume no seu pequeno despacho onde aquel mundo maravilloso de papeis e libros se amontoaba no discurso dos abecedarios. Foi atento comigo, sen tratar de ferir a miña sensibilidade; foime contando e facéndome ollar dunha maneira realista a crueza e tamén as glorias do mundo literario. Botoulle unha lixeira ollada aos meus versos e díxome:

-O que tes escrito non vale para nada, pero eu sei que, no fondo desta poética túa sen pulir, hai madeira de poeta. Despois seguimos falando doutras cousas.

Eu, desilusionado, tiña desexos de saír canto antes e fíxeno en canto puiden. Xa na porta Xoán Couto deume unha losqueadiña nas costas desexándome sorte. Saíra coma can ferido, camiñara polas rúas e ollara os meus versos que só un día antes me pareceron os mellores do mundo. Volvín falar con el algunhas veces máis que por casualidade o encontrei na rúa e mantiven relación postal con el, malia levar anos sen velo, dende a miña chegada a Nova York.

O demais xa o sabedes: a miña derradeira carta viñeira de volta. O misterio do sobre amarelo fíxome compañía durante un par de anos, ata que o destino quixo poñerlle fin. Así quixo a casualidade que outro escritor, Claudio Rodríguez Fer, viaxara a Nova York. Cando lle contei o asunto do sobre botouse a rir. Riu moito, riu tanto que eu sentín desexos de rir tamén. El desentrañou para min aquel misterio. Contoume que Xoán Couto se separara da súa muller e que xa non vivía naquel enderezo. Toda a correspondencia que chegaba alí era mandada de volta pola súa ex muller, co indicativo de que Xoán Couto morrera. Hai venganzas que, coa intención de ser tormentosas, só acaban por ser ridículas, puerís e indecentes.

Viñeron entón á memoria aqueles versos de Fernando Pessoa que amara na miña adolescencia de amores ridículos:

*“Todas as palabras esdrúxulas,
Como os sentimentos esdrúxulos,*

*Sao naturalmente
Ridículas”.*

A vinganza, sen dúbida, é un sentimento esdrúxulo.

OS PARAÍDOS PERDIDOS

Camiñaba eu despreocupado preto de Union Square, pola rúa Nove e a Cuarta avenida, e digo sen présa porque é nesta cidade a vida pasa tan axiña que podes existir sen vivir.

Por iso eu, para entender algo as cousas, dende hai moito tempo vivo sen présa, aínda que caia o mundo enriba.

De súpeto, alguén berrou o meu nome; seguín camiñando, porque coidei que o berro podía ser produto da miña imaxinación. Pero o meu nome escoitouse outra volta no aire da mañá neiorquina e non puiden evitar volver a cabeza. Era certo, alguén me chamaba. Ollei como se achegaba.

Tardei un pouco en recoñecer aquel home que viña sorrindo cara a min. Era o romanés Dragoljub Kacic, antigo compañeiro de traballo. Traballáramos xuntos uns anos no *Petaluma*, un restaurante italiano. Había non sei cantos anos que non o vía, e a dicir verdade, alegreime. Sempre fora moi bo rapaz. Kacic era un home culto, cousa que non é doado encontrar nos traballos; falaba bastante ben o español, moi ben o italiano, así que unhas veces falabamos en español e outras en italiano. Kacic falábame dos poetas romaneses e tamén dos seus soños. Tiña unha boa educación e traballaba con dignidade, tal vez esa foi a razón pola que a moitos non lle caía ben. Foise un día e nunca souben por que. A vida en Nova York é máis fácil para os ignorantes e tamén para os lambecús. Kacic ten as mesmas pintas ca un poeta romántico do século dezanove. Sempre viste pulcramente de traxe azul, peitéase para atrás e fuma moito e moi seguido.

Démonos unha sinxela aperta e falamos. Contoume que viñera por alí para visitar un amigo que tiña un restaurante na Cuarta avenida. Logo preguntoume que estaba a facer eu, díxenlle que andaba estudando a fauna de Nova York. Deseguida me preguntou se traballaba e díxenlle que non, el contestou que tampouco. Rimos os

dous con certa complicidade. Os dous falamos tamén de volver ás nosas terras respectivas. Nese intre anubrónselle os ollos e houbo un silencio. Díxome que el nunca asimilaría a filosofía americana. Eu calei e asentín coa cabeza. Logo continuou falando e foi debullando a vida na América dende que chegara. Contoume que casara cunha americana, porque o amor non entende de fronteiras e que tiñan dous fillos. Volvía falar do Tío Sam, dicía que os americanos tiñan a culpa de todo, que tiñan toda a culpa do que pasaba nos Balcáns, que en todos os sitios que podían metían os narices. O maldito negocio do petróleo e das armas. Camiñamos outro pouco sen falar. Iamos esquivando a xente, non é fácil camiñar en Manhattan, sobre todo, nas horas punta.

De súpeto, Kacic parou e mirou para min, desabotoou a chaqueta e do peto sacou unha botella de plástico chea de viño tinto. Confesoume que non podía vivir sen levar aquilo con el. Eu quedei teso coma unha estatua, non esperaba aquilo. Desenroscou a tapa e botou un grollo, despois volveu gardala no peto da chaqueta. Naquel intre comprendín que Kacic tiña que estar moi mal. Non fun quen de lle preguntar máis nada, pero el rompeu a falar. Díxome que non conseguía aguantar moito tempo no mesmo traballo, que cambiaba a miúdo, que a súa situación económica non era má, pero que a súa vida social estaba facéndose imposible. Tamén me contou que a súa familia era moi bonita, pero que presentía que se deixaba de beber, podía sufrir un ataque cardíaco pola ansiedade que tiña. Díxome devagariño: "bebo sen embebedarme pero estou enganado a isto". Camiñei un pouco con el e logo desculpeime. Xa non aturaba máis, inventei unha desculpa e tomei camiño por outra rúa. Se non tivese buscado unha escusa para marchar da súa beira, remataría chorando diante súa.

Índice

Ratas en Manhattan

Cemiterio dos heroes

A Coreana

A morte de Zefirelli

O Xílgaro

O soño do camaleón

O caso A Peneira

A muller de negro

O Coello

San Carallán

A carne dos sonhos

O porco Canizo

Galego de Ximil

A terra prometida

O can dos Xanciños

Comido con amor

Return to sender

Os paraísos perdidos